# DEPUTACIÓN PROVINCIAL

# DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 30 de SETEMBRO de 2016**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 30 de setembro, ás DOCE HORAS.

**ASUNTOS**

*Declaración institucional sobre a instalación do vertedoiro promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L  na comarca de Ordes.

**Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2016, do 9 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 20701 á número 22550, de 2016.

**Comisión de Deportes e Mocidade**

3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Real Federación Española de Fútbol correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización dun Campus de Fútbol.

**Comisión de Promoción Económica e Emprego**

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a entidade REDEMPRENDIA para financiar o proxecto SPIN 2016.

**Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela, para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos da Escola de Prácticas Xurídicas nos Concellos da Provincia e de adquisición de material necesario para a súa execución, ano 2016.

6.- Dación de contas dos contratos menores realizados pola Deputación no período do 1 de maio ao 31 de agosto de 2016.

**Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico.**

7.- Aprobación do proxecto modificado da obra *"Reforma e posta en valor da Praza de Abastos"*, do Concello de Melide, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 16.3290.0040.0 e aprobación definitiva da obra.

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arzúa para o financiamento da obra de "Reposición de pavimento, impermeabilización e acondicionamento de soportal en edificio de multiusos (Terra do Queixo)".

9.- Aprobación da segunda modificación do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume” e exclusión do Plan de acción social (PAS) 2015.

10.- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Teo en representación dos concellos da provincia incluídos no ámbito xeográfico da Ulla para o financiamento do proxecto “Plan para a promoción conxunta do entroido rural tradicional dos Xenerais da Ulla 2016”.

**Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

11.-Aprobación inicial da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2016.

12.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2016, cuarta fase.

13.-Proposta de modificación de referencias temporais nas bases reguladoras do Plan provincial de medio ambiente 2016.

**Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

14.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2016.

15.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/08/2016 e proxección a 31/12/2016.

16.-Toma de coñecemento da rendición das contas anuais da Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), correspondente ao ano 2015.

17.-Requirimento ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a liquidación definitiva da participación de ingresos do Estado do exercicio 2014.

18.-Modificación das bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

19.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios

20.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a colaboración en materia de inspección tributaria.

ACTUACIÓN DE CONTROL

**Moción**

Moción do Grupo Político Provincial de Compostela Aberta para promover a celebración do Samaín entre os Concellos da Provincia

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE SETEMBRO DE 2016**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de setembro de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO PSOE

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

| | |
|---|---|
| D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ | PP |
| D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ | PP |
| Dª. CLAUDIA DELSO CARREIRA | MAREA ATLÁNTICA |
| D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO | MAREA ATLÁNTICA |
| D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA | PP |
| D. MANUEL DIOS DIZ | COMPOSTELA ABERTA |
| Dª. Mª ÁNGELA FRANCO POUSO | BNG |
| D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL | PP |
| Dª ROSA Mª GALLEGO NEIRA | PP |
| D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO | PP |
| D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA | PSOE |
| Dª. SUSANA GARCÍA GÓMEZ | PP |
| D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| D. ANGEL GARCÍA SEOANE | ALTERNATIVA VV. |
| D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS | PP |
| D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO | PSOE |
| D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN | BNG |
| D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO | PP |
| Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ | PP |
| D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA | PP |
| D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS | PSOE |
| D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO | PSOE |

| | |
|---|---|
| D. XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| D. MANUEL RIVAS CARIDAD | PP |
| D. LUIS RUBIDO RAMONDE | PP |
| D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO | PSOE |
| Dª. Mª GORETTI SANMARTIN REI | BNG |
| D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |

Non asisten a Sra. Fraga Sáenz e o Sr. Fernández Piñeiro.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Bos días a todos e a todas. Empezamos con esta sesión ordinaria de Pleno cunha declaración institucional que pasa a ler o secretario.

Sr. Secretario

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A INSTALACIÓN DO VERTEDOIRO PROMOVIDO POR RECICLAJE AMBIENTAL LESTA, S.L NA COMARCA DE ORDES**

A empresa Reciclaje Ambiental Lesta, S.L. está a promover no Concello de Ordes, o proxecto dun novo Vertedoiro de residuos non perigosos cunha vida útil de 20 anos e unha capacidade total de 1.654.169 toneladas.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental publicou no DOG do 2 de xuño de 2016 o anuncio polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalación do vertedoiro de residuos non perigosos, pretendida por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., no concello de Ordes.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental publicou no DOG do 24 de agosto de 2016 o anuncio polo que se reabría o prazo de información pública, por un prazo de sete días hábiles, relativo á solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do vertedoiro de residuos non perigosos, promovido por Reciclaje

Ambiental Lesta, S.L., no concello de Ordes, por detectarse que a documentación en exposición fora retirada da páxina web un día antes do vencemento de tal prazo.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental denegoulle a esta empresa, en maio de 2015, a autorización ambiental por non ser un proxecto ambientalmente viábel polo seu impacto na reprodución e supervivencia da rá de San Antón, unha especie de interese comunitario e protección estricta presente nunha das charcas sobre as que se pretende asentar o vertedoiro.

A construción dun novo vertedoiro sobre terreos do Concello de Ordes pode supoñer a centralización definitiva dos vertidos de lixo sen tratamento previo de toda Galicia na comarca de Ordes.

A instalación deste novo vertedoiro podería perxudicar a calidade do aire na zona, o que ocasionaría problemas para a saúde da poboación, e afectaría moi negativamente aos intereses agrogandeiros do lugar, ocasionado un evidente dano na que é unha das principais actividades socioeconómicas da zona, tendo en conta, ademais, que a parcela onde se pretende ubicar deriva as súas augas ao río Lesta, afluente do Lengüelle, que á súa vez desemboca no Tambre, cos consecuentes prexuízos, que poderían chegar incluso á auga consumida en Santiago de Compostela.

Os efectos medioambientais deste vertedoiro superan con moito os límites do concello de Ordes ao dar un respaldo definitivo a  un sistema de recollida de lixo baseado no transporte a longa distancia e ao depósito directo dunha alta porcentaxe de lixo sen tratar.

A asociación de afectados polo vertedoiro de Lesta presentaron alegacións redactadas por especialistas en bioloxía, herpetoloxía, botánica, tramitación ambiental e urbanismo que conclúen que a construción do vertedoiro é contraria aos intereses sanitarios, medioambientais e socioeconómicos de Ordes e de toda a Comarca. Alegacións que foron acompañadas por máis de 7.111 sinaturas contra esta construción. Asimesmo, presentaron tamén alegacións contra esta construcción veciños particulares, a Asociación de Cazadores “A Chimenea” de Lesta, O BNG de Ordes, Amigos da Terra, a Federación Ecologista Galega, o Grupo Naturalista Hábitat e a Sociedade Galega de Ornitoloxía e Verdegaia.

A Corporación municipal de Ordes acordou por unanimidade, no pleno extraordinario celebrado o 31 de agosto de 2016, amosar o seu rexeitamento ao proxecto.

Por todo o anterior, o pleno da Deputación da Coruña acorda:

- Manifestar a súa repulsa á instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos, promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., no concello de Ordes, por danar os intereses socioeconómicos e medioambientais do concello e da comarca de Ordes.
- Declararse contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos de toda Galicia na comarca de Ordes.
- Dar traslado deste acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 8/2016, DO 9 DE SETEMBRO.**

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 8/2016, do 9 de setembro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 20701 Á NÚMERO 22550, DE 2016.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 20701 á número 22550, de 2016.

**3.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DUN CAMPUS DE FÚTBOL.**

INTERVENCIÓNS

Sr. García Seoane

Eu na Comisión votei en contra e quero explicar aquí no Pleno porque voto en contra. Son centos de clubs que temos, por sorte, na provincia e nos concellos e que están facendo un traballo tremendo, social, de base, deportivo, cultural e cando acceden a unha subvención fan cousas superiores a estas que fai a Federación, e resulta que levan unha esmola, que se intentará que no futuro paréceme que o criterio da Corporación é que sexa distinto no futuro, e que estas convocatorias sexan abertas a todos e que cada un poida achegar a súa documentación. Haberá que informar tamén porque moitas das subvencións que se solicitaron están desestimadas porque non están de acordo coa base, eran tantas bases que ao final non souberon porque non son expertos algúns deles que base poñer, e quedaron fóra de xogo.

Campus fanse moitísimos campus, en Oleiros por exemplo fíxose un campus polo Atlético San Pedro, internacional, con portugueses e xente que veu de Castela, doutros sitios, e polo tanto a subvención que leva un club destes traballando arreo durante tres días, é nada. E logo vemos que aquí danse 25.000 euros, xa está en nómina, porque xa leva varios anos, non é de agora, vén de vello, leva 25.000 euros a Federación. A Federación ten recursos propios, ten cartos propios, e a Federación o que ten é ás veces exceso de cartos, e o que non pode ser é que nós demos 25.000 euros para salarios, manutención e desprazamento de adestradores, 7.000, salario, manutención e desprazamento monitores, 7.000, comidas, 3.000, etc., etc. Paréceme que, ademais dáse a circunstancia, eu así o dixen na Comisión, que o orzamento que presentan son 36.000 cando está superado de sobra porque só das cotas que se collen dos rapaces que participaron, máis o da Deputación, estamos ao mellor en 40.000 euros, ou preto de 40.000 euros, ou máis de 40.000 euros, polo tanto, habería que minorar a cantidade da Deputación.

Eu entendo que non hai que minorar, eu entendo que non lle hai que dar subvencións deste tipo a ningunha Federación para este tipo de actividades.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (13 do PP, 7 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: 3 deputados (2 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, o voto en contra de Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de setembro de 2016.

**2.-** Aprobar o convenio coa Fundación Real Federación Española de Fútbol correspondente á subvención nominativa, por importe de 25.000 €, concedida para financiar a *realización dun Campus de Fútbol,* cun orzamento subvencionado de 36.000 €, de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Real Federación Española de Fútbol para financiar a realización dun Campus de Fútbol.**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Jorge Juan Pérez Arias, secretario xeral da Fundación Real Federación Española de Fútbol

**MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** (CIF:G83947994) para financiar a organización, realización e coordinación dun Campus de Fútbol, dirixido a mozos e mozas da provincia., e que se celebrará durante o ano 2016 no Concello de Cerceda.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

*A* Fundación Real Federación Española de Fútbol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| Equipacións deportivas | 4.000,00 € |
| Salarios, manutención e desprazamentos adestradores | 7.000,00 € |
| Valoración antropométrica | 2.000,00 € |
| Salarios, manutención e desprazamentos monitores | 7.000,00 € |
| Fotografías recordo | 1.000,00 € |
| Folletos, diploma e avaliacións | 500,00 € |
| Seguro de accidentes deportivos | 500,00 € |
| Publicidade e propaganda | 2.000,00 € |
| Desprazamento material para a actividade | 1.000,00 € |

| | |
|---|---|
| Actividades de ocio e tempo libre (material para a actividade complementaria) | 1.000,00 € |
| Dirección e posta en marcha | 2.000,00 € |
| Manutención participantes | 3.000,00 € |
| Servizo de autobuses | 1.000,00 € |
| Gastos xerais da actividade (gastos de persoal da fundación) | 4.000,00 € |
| TOTAL | 36,000,00 € |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000€, o que representa unha porcentaxe do 69,44%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 69,44%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas, de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- Publicidade e financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Fundación Real Federación Española de Fútbol.**

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da **Fundación Real Federación Española de Fútbol** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2016.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título “Fondos para atender a actividade -campus de fútbol-. Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, rematarán o 30 de decembro **de 2016.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **Fundación Real Federación Española de Fútbol** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Fundación Real Federación Española de Fútbol,** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. A **Fundación Real Federación Española de Fútbol** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. A **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.** Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Fundación Real Federación Española de Fútbol** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o

disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Real Federación Española de Fútbol**,** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1**.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados

con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017.**

**2.-** Previa solicitude da **Fundación Real Federación Española de Fútbol**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **Fundación Real Federación Española de Fútbol** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

**4.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ENTIDADE REDEMPRENDIA PARA FINANCIAR O PROXECTO SPIN 2016.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente

parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de setembro de 2016.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e Rede Universitaria Iberoamericana de incubación de Empresas REDEMPRENDIA para financiar as actividades "SPIN 2016"

4º Condicionar a eficacia do presente convenio á consignación, no orzamento da Corporación para o exercicio 2017, de crédito adecuado e suficiente con que facer fronte á achega provincial prevista no convenio.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 50.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 10,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433/481 disposta no vixente orzamento provincial.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a REDEMPRENDIA

Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Valentín González Formoso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte D. Senén Barro Ameneiro, con DNI núm. 32746945 M, en representación da ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA).

Na Coruña o

Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA)

Na Coruña o

1. Consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso dado que "SPIN 2016" ten como obxectivo principal a promoción do emprendemento universitario que contará con gran número de asistentes de varios países. O maior beneficiario deste evento será Galicia, en particular a provincia da Coruña, xa que serán os que obterán o maior retorno e beneficio do conxunto de actividades programadas.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS

(REDEMPRENDIA) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) CIF G85703247, para o financiamento do proxecto ""SPIN 2016"".

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR**

ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA)
levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| GASTOS | IMPORTE |
|---|---|
| **COMUNICACIÓN** | **95.272,55 €** |
| **PUBLICIDADE E MEERCHANDISING:**<br>Publicidade do evento:………………………………20.000,00 €<br>Catálogos……………………………………………  600,00 €<br>Imprenta……………………………………………..2.500,00 €<br>Tradución documentación…………………………2.500,00 €<br>Merchandising (non existe venda)……………………4.500,00 € | **30.100,00 €** |
| **IMAXE E COBERTURA EVENTO:**<br>Audiovisual previo……………………………………10.000,00 €<br>Cobertura do evento……………………………...20.000,00 €<br>Streaming…………………………………………..12.000,00 € | **42.000,00 €** |
| **DESEÑO E DESENVOLVEMENTO WEB:**<br>Imaxe de Spin e landig page………………………..4.252,55 €<br>Deseño e desenvolvemento Langing……………………………500,00 €<br>Deseño web…………………………………………..2.300,00 €<br>Desenvolvemento Web…………………………………………2.420,00 €<br>Rotular espazos…………………………………11.000,00 €<br>Custo ferramenta virtual……………………………..2.700,00 € | **23.172,55 €** |
| **ORGANIZACIÓN EVENTO** | **168.204,45 €** |
| **SECRETARIA TÉCNICA:**<br>Dirección e producción………………………………..3.900,00 €<br>Xestión xeral Spin 2016…………………………20.000,00 € | **23.900,00 €** |
| **ESPAZOS:**<br>Espazo escenario principal…………………..….20.000,00 €<br>Espazos talleres……………………………………..4.000,00 €<br>Espazo recepción asistentes……………………...4.511,95 €<br>Recepción relatores…………………………………2.420,00 €<br>Sala recepción e Sala de prensa…………………...1.830,00 €<br>Sala Partnering………………………………………..3.352,50 €<br>Espazos OFF……………………………………………420,00 €<br>Espazo Wimba…………………………………………280,00 € | **36.814,45 €** |
| **SERVIZO DE RESTAURACIÓN:**<br>Restaurante VIP (2 días, 400 autoridades)………30.000,00 €<br>Barras/Cafeterías (3 días)…………………………..12.000,00 €<br>Zona Comida de rúa (3 días)……………………………9.240,00 € | **51.240,00 €** |

| | |
|---|---|
| **STANDS**<br>Postos 2* 2 (18unds)……………………………….3.000,00 €<br>Postos 1* 1 (32 unds)……………………………..15.000,00 €<br>Posto unds (31)……………………………………15.000,00 €<br>**GASTOS XERAIS:**<br>Acometidas luz-Stands……………………………..6.500,00 €<br>**TRADUCIÓN:**<br>Tradución (2 idiomas)……………………………..6.600,00 €<br>Equipo Técnico……………………………………..4.600,00 €<br>**PERSOAL DE SALAS E PRODUCIÓN:**<br>Persoal de control e produción……………………2.700,00 €<br>Persoal de sala……………………………………..2.160,00 €<br>Vestiario……………………………………………..690,00 € | **33.000,00 €**<br><br><br><br><br>**6.500,00 €**<br><br>**11.200,00 €**<br><br><br>**5.550,00 €** |
| **AXUDAS DE CUSTO E VIAXES DE RELATORES** | **45.250,00 €** |
| Viaxes relatores talleristas……………………….38.750,00 €<br>Aloxamento relatores/talleristas Spin2016………..6.500,00 € | |
| **M2M EMPRENDEDORES** | **126.450,00 €** |
| **FORMACIÓN M2M:**<br>Talleres/formación virtual (1 mes, 100 finalistas)……10.000,00 €<br>Talleres/formación presencial (3 días, 30 finalistas)..20.000,00 €<br>Materiais……………………………………………… 2.000,00 €<br>***GASTOS VIAXE (Emprendedores iberoamericanos)**<br>**PREMIOS:**<br>Premios (5)…………………………………………..50.000,00 €<br>Premios en especie (RedEmprendia)………………..20.000,00 € | **32.000,00 €**<br><br><br><br>**24.450,00 €**<br>**70.000,00 €** |

| | |
|---|---|
| **SM4S EMPRESAS** | **54.925,00 €** |
| **FORMACIÓN SM4S**<br>Formación Fast Truck (7días, 20 finalistas)…………..20.000,00 €<br>Materiais………………………………………………..2.800,00 €<br>****GASTOS DE VIAXES (de emprendedores e investidores)**<br>**PREMIOS**<br>**FORO DE INVESTIMENTO:**<br>Sinalización………………………………………………335,00 €<br>Deseño e construción do espazo…………………..…2.700,00 €<br>Servizos técnicos……………………………………..1.000,00 €<br>Servizo de restauración…………………………………………………2.000,00 €<br>Persoal…………………………………………………..90,00 € | **22.800,00 €**<br><br><br>**20.000,00 €**<br>**6.000,00 €**<br>**6.125,00 €** |
| **TALLERES WIMBA** | **9.898,00 €** |
| Taller Programación con Scratch & Leap Motion…….1.398,00 €<br>Taller Electrónica Divertida……………………………2.000,00 €<br>Taller Robótica con Arduino:Pintbots…………………5.000,00 €<br>Taller Deseño e Impresión 3D…………………………...1.500,00 € | |
| **TOTAL GASTOS** | **500.000,00 €** |

*Os gastos de viaxe inclúen os voos internacionais dos emprendedores finalistas do programa M2M, o aloxamento e manutención.

**Os gastos de viaxe inclúen os voos internacionais dos emprendedores finalistas do programa SM4S e dos investidores asistentes, así como a súa manutención.

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000,00 € o que representa unha porcentaxe do 10% . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 10 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA).

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA)
- xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre os días **1 de xuño e o 31 de decembro de 2016**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá

presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de: UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xuño ata o 31 de decembro do ano 2016**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin**
2. Para o caso de que a ASOC.. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de abril de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN | O REPRESENTANTE DA ENTIDADE |
| Valentín González Formoso | ASOC. REDE UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA)” |

**5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICAS XURÍDICAS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN, ANO 2016.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

“Aprobar o texto e a formalización dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial da Coruña, para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos da Escola de práctica xurídica nos concellos da

provincia e de adquisición de material, necesario para a súa execución, ano 2016, cunha achega da Deputación de 48.000 euros, o que representa un coeficiente de financiamento do 100,00 %. con cargo ás seguintes aplicacións:

a. 36.000 euros, destinados a bolsas de alumnos (450 euros ao mes por 20 alumnos por 4 meses) con cargo á aplicación presupostaria 0620/462/481

b. 12.000 euros para gastos de funcionamento das escolas con cargo á aplicación 0620/462/453.90

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE E COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN EN 2016**

Na Coruña, a de de 2016

Dunha parte, o Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela NIF Q-1518001-A e representante legal desta, segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 85.g dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia); e o Sr. D. Evaristo Nogueira Pol, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, facultado polo artigo 48.2º do Estatuto Xeral da Avogacía Española (RD 658/2001, do 22 de xuño). Ambos os dous actúan en calidade de presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao teor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas as dúas institucións o 29 de novembro de 1994.

Doutra parte, o Sr. D. Xesús Manuel Soto Vivero, deputado da Deputación da Coruña de Contratación, Patrimonio e Equipamento en virtude das resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e para tal efecto.

**MANIFESTAN**

**PRIMEIRO.-** A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade e os Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría, ademais de colaborar nos labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua), dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), do Máster universitario

en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA en Santiago, e no programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

**SEGUNDO.-** A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

**TERCEIRO.-** Consideran as partes asinantes de grande importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

**CUARTO.-**A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar loxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

**QUINTO.-** Mediante este acordo, a Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas desta, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas as dúas partes formalizan o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

**I. OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2016, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

**II. ORZAMENTO**

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2016, o que representa un coeficiente de financiamento do 100%. De acordo co seguinte detalle desagregado:

A. **GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,… DOS ALUMNOS: 36.0000 €**, para o ano 2016, e se distribúen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2016 | NÚMERO ALUMNOS | IMPORTE ALUMNO/MES | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|
| SETEMBRO | 20 | 450 | 9.000 |
| OUTUBRO | 20 | 450 | 9.000 |
| NOVEMBRO | 20 | 450 | 9.000 |
| DECEMBRO | 20 | 450 | 9.000 |

B. **GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUTURA E XESTIÓN: 4.000 €** para o ano 2016, e que se distribúen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2016 | DURACION | IMPORTE /MES | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|
| Ano 2016 | 4 MESES | 1.000 | 4.000 |

C. **GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 €** para o ano 2016, e que se distribúen da seguinte maneira:

| CONCEPTO ANO 2016 | MATERIAL | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|
| Ano 2016 | Por determinar | 5.000 |

**D. COSTES DE FORMACIÓN: 3.000 €** para o ano 2016.

**TOTAL GASTOS: 48.000** Euros

**III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2016, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo do seguinte xeito:

Ano 2016

36.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/481

12.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/462/453.90

partidas na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2016 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.

5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

**IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

**V. DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.**

A Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas as dúas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá, en ningún caso, carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

**VI. COORDINACIÓN.**

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos

concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu director e a profesional colaboradora Dª María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

**VII. DESENVOLVEMENTO.**

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas que han realizar os alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán estas e o labor concreto que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.

A Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, pola súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

**VIII. COMPROMISO DAS PARTES.**

A) GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN ETC. DO ALUMNADO:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas que imparte e colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes etc. en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de 36.000 € en concepto de gastos de desprazamentos, manutención, etc. dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización /gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola, de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 375 € ao mes, máis unha cantidade variable de 75 €, en función da quilometraxe. Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente á de 20 alumnos x mes x 4 meses, isto é, a 36.000 €.

Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na Universidade de Santiago-Escola de Práctica Xurídica. A Deputación aboará o dito importe á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder á súa concentración nun período de tempo inferior ao ordinario de dez meses/ano, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais que ha realizar o alumnado non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo/a alumno/a durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2016 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses (setembro a decembro de 2016), a razón dun mínimo de tres e un máximo de cinco días á semana, e de seis horas/día.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

B) GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establécese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de catro meses, como contribución aos gastos de coordinación (4.000€) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe aboarao a Deputación á Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, na conta que a Escola designe para tal efecto, e tras a xustificación da actividade realizada. Para o ano 2016 as partes acordan que a cantidade para a contribución aos gastos de coordinación será de 1.000 euros ao mes durante cada un dos catro meses nos que se concentrarán as prácticas que realicen os alumnos durante a dita anualidade.

A xustificación destes gastos farase mediante a certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica.

C) GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará igualmente cunha cantidade de 5.000 € para o ano 2016, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como bibliografía, fotocopias, material informático e audiovisual, mobiliario, acondicionamentos menores das súas instalacións etc. No suposto de que os gastos xustificados foran superiores, a Deputación subministrará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2016.

A xustificación destes gastos farase mediante a copia compulsada das facturas e informe do director da Escola de Práctica Xurídica.

D) GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante a certificación expedida polo director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas continxencias.

A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores desta para os labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcionarial coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

**IX. COMISIÓN DE SEGUIMENTO.**

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e máis polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

**X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia para os efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte parágrafo e na cláusula DÉCIMO OITAVA.

Polo que se refire á anualidade correspondente ao ano 2016 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia para os efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula OITAVA antes do 31 de marzo de 2017.

A xustificación poderá tamén facerse fraccionada en dous períodos, un antes do 15 de decembro de 2016 e outro antes do 31 de marzo de 2017; en tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme as cantidades xustificadas en cada período.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un

requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Escola de Práctica Xurídica na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**XI. RESPONSABILIDADE**.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade dos labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice o seu labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, dirección desta e profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideren xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións, así como interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

**XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.**

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente

se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**XIV. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consorte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2077, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá carrexar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, a demora na realización da actividade carrexará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se a demora non excede de tres meses. Se a demora na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. Así mesmo, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grado máximo e suporá o 30% do importe da subvención sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de xuño, de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XVII. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

**XVIII. VIXENCIA**

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia para os efectos de xustificación ata o día 31 de marzo de 2017.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das administracións intervintes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO.**

O incumprimento da calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX.

En proba de conformidade, todas as partes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO
E EQUIPAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Xesús Manuel Soto Vivero

O REITOR MAGNIFICO DA UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Juan Manuel Viaño Rey

O DECANO DO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Evaristo Nogueira Pol”

**6.- DACIÓN DE CONTAS DOS CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLA DEPUTACIÓN NO PERÍODO DO 1 DE MAIO AO 31 DE AGOSTO DE 2016.**

Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados ou desertos por non presentar ofertas, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de maio de 2016

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| Subministración de papel de reprografía con destino á Deputación Provincial da Coruña LOTE 1. PAPEL DIN-A 4 | 1.900,00 € | 1.778,70 € | PAZ DISMAC S.L. | B36062180 | 03/05/2016 | 26/04/2016 |
| Subministración de papel de reprografía con destino á Deputación Provincial da Coruña LOTE 2. PAPEL DIN-A 3 | 70,00 € | 51,43 € | PAZ DISMAC S.L. | B36062180 | 03/05/2016 | 26/04/2016 |
| Contratación dos traballos para realizar un programa de actividades con motivo do Día das Letras Galegas PCO.001.2016.00174 | 21.356,50 | 19.930,42 | ESFEROBITE S. C. | J15649833 | 06/05/2016 | 13/04/2016 |
| Contratación da realización de TALLERES DE LITERATURA na Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00035 | 3.840,00 | 3.840,00 | PATRICIA CERNADAS NOVO | 34894228P | 06/05/2016 | 05/04/2016 |
| Contratación da realización de TALLERES DE LECTURA na Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00038 | 3.840,00 | 3.840,00 | PATRICIA CERNADAS NOVO | 34894228P | 06/05/2016 | 05/04/2016 |

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| Subministración dos bens dos PREMIOS DEL III CONCURSO DE FOTOGRAFIA CIUDADANOS EUROPEOS EN GALICIA 2016. LOTE 1: TABLET PCO.001.2016.00194 | 410,00 | 389,00 | SUTEGA PAPELERÍA S. L. U. | B15633241 | 06/05/2016 | 25/04/2016 |
| Subministración dos bens dos PREMIOS DEL III CONCURSO DE FOTOGRAFIA CIUDADANOS EUROPEOS EN GALICIA 2016 LOTE 2: LECTOR DE LIBROS ELECTRÓNICOS PCO.001.2016.00194 | 150,00 € | 148,92 € | TECNOLOGÍAS PLEXUS S. L | B15726177 | 06/05/2016 | 25/04/2016 |
| REALIZACIÓN DE CONFERENCIAS DE ARTE na Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00040 | 2.040,00 € | 2.040,00 € | LUISA VALDÉS AGUIRRE | 32747137J | 06/05/2016 | 05/04/2016 |
| REALIZACIÓN DE TALLERES DE ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN PARA NENOS na Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00031 | 3.400,00 € | 3.200,00 € | ARKITAS ROBÓTICA, S.L | B70427380 | 10/05/2016 | 06/04/2016 |
| REALIZACIÓN DE TALLERES CIENTÍFICOS PARA NENOS na Bebeteca da Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00034 | 780,00 € | 780,00 € | MARÍA CARRO CALVO | 47370754T | 10/05/2016 | 05/04/2016 |
| REALIZACIÓN DE TALLERES DE MODELAXE PARA NENOS na Bebeteca da Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00043 | 2.100,00€ | 2.100,00€ | ANA ISABEL TENREIRO MONTERO | 46898080E | 10/05/2016 | 05/04/2016 |

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| REALIZACIÓN DE TALLERES DE PINTURA ARTE PARA NIÑOS na Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00039 | 2.660,00€ | 2.223,38€ | CAMPA, FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA, S.L. (CAMPA, S.L.) | B15666944 | 10/05/2016 | 05/04/2016 |
| REALIZACIÓN DUN TALLER DE MANUALIDADES PARA NENOS na Bebeteca de la Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00144 | 300,00€ | 242,00€ | ALDARA PROJECT, S.L | B70454053 | 10/05/2016 | 06/04/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS CON DESTINO A FUNCIONARIOS/AS XUBILADOS/AS E INSIGNIAS CON DESTINO A FUNCIONARIOS/AS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL LOTE 1: PLACAS | 60,00 € p/u | 60,00 € p/u | MANUEL DÍAZ GARRIDO | 32130574B | 10/05/2016 | 28/04/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS CON DESTINO A FUNCIONARIOS/AS XUBILADOS/AS E INSIGNIAS CON DESTINO A FUNCIONARIOS/AS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL LOTE 2: INSIGNIAS | 50,00 € p/u | 34,50 € p/u | PEDRO FACI, S.A. | A50010685 | 10/05/2016 | 28/04/2016 |
| REALIZACIÓN DE TRES TALLERES TEMÁTICOS (DÍA DA BIBLIOTECA, SAMAÍN E NADAL) na Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00146 | 600,00€ | 510,00€ | CAMPA, FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA, S.L. (CAMPA, S.L.) | B15666944 | 16/05/2016 | 08/04/2016 |
| REALIZACIÓN DE TALLERES DE PROGRAMACIÓN DE VIDEOXOGOS CON SCRATCH PARA NIÑOS na Biblioteca Provincial PCO.001.2016.00153 | 590,00€ | 590,00€ | MARCOS SAAVEDRA SEOANE | 44839646L | 20/05/2016 | 06/04/2016 |

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| SERVIZO DE INTÉRPRETES DE LINGUA DE SIGNOS | 400,00 € | 327,18 € Exento de IVE | FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA | G15068091 | 20/05/2016 | 13/05/2016 |
| SERVIZOS DE TRANSPORTE E FABRICACIÓN DE CAIXAS DE EMBALAXE ARA OBRAS DE ARTE PARA A EXPOSICIÓN CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA PCO.001.2016.00207 | 20.812,00 € | 20.570,00 € | REIMUNDEZ LOGÍSTICA Y SERVICIOS, S.L. | B70485008 | 20/05/2016 | 15/04/2016 |
| SUBMINISTRO DE LICENZAS WINDOWS SERVER 2012 PCO.001.2016.00170 | 16.000,00€ | 15.100,30€ | INFORHOUSE, S.L | B36112803 | 24/05/2016 | 22/04/2016 |
| SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO CONSTRUTIVO, REALIZACION DA MOBLAXE EXPOSITIVA E MONTAXE DA EXPOSICIÓN CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA PCO.001.2016.00208 | 21.659,00 € | 16.817,91 € | SEBASTIÁN RODRÍGUEZ OUTEDA | 35303364C | 24/05/2016 | 20/04/2016 |
| SERVIZOS DE DOCUMENTALISMO, GRAVACIÓN DE SON CON LOCUTORES E REALIZACIÓN DUN AUDIOVISUAL PARA A EXPOSICIÓN CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA PCO.001.2016.00209 | 19.965,00 € | 14.265,90 € | QUADRADO VERDE S.L. | B70422878 | 24/05/2016 | 20/04/2016 |
| DOCUMENTAL SOBRE O DEPORTE FEMININO NA PROVINCIA DA CORUÑA PCO.001.2016.00191 | 21.538,00 € | 20.030,46€ | ESFEROBITE S. C. | J15649833 | 25/05/2016 | 15/04/2016 |

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| SEGURO "CLAVO A CLAVO" PARA OBRAS DE ARTE, DOCUMENTOS E DEMÁS PEZAS QUE COMPOÑENLA EXPOSICIÓN "CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA" NA CIDADE DA CORUÑA PCO.001.2016.00246 | 3.000,00 € | 955,35 € | HISCOX INSURANCE COMPANY SUCURSAL EN ESPAÑA | W8260282B | 26/05/2016 | 25/05/2016 |

| B) CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** |
| COMISARIADO PARA A XESTIÓN DO PROXECTO TOSTA-CULTURAL CARGO PCO.001.2016.00152 | 2.600,00€ | 2.600,00€ | MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGUISTICA | G15154610 | 05/05/2016 |
| CONTRATACIÓN DE STAND PARA PARTICIPAR EN EXPOVACACIONES QUE SE CELEBRARÁ EN BILBAO DO 6 AO 8 DE MAIO PCO.001.2016.00156 | 7.988,64€ | 7.988,64€ | BILBAO EXHIBITION CENTRE S.A. | A95135984 | 06/05/2016 |
| CONTRATACIÓN DA CREACIÓN, DESEÑO E COORDINACIÓN XERAL TÉCNICA DA EXPOSICIÓN DO CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA. PCO.001.2016.00166 | 14.520,00€ | 14.520,00€ | PEPE BARRO DESEÑO S.L. | B70368170 | 10/05/2016 |
| 30 SUBSCRICIÓNS DO SEMANARIO SERMOS GALIZA PCO.001.2016.00141 | 3.720,00 € | 3.720,00 € | SERMOS GALIZA S.A. | A70301510 | 24/05/2016 |

Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados ou desertos por non presentar ofertas, durante o período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2016

## A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS

| EXPEDIENTE | PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO) | PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO) | ADXUDICATARIO | NIF | DATA ADXUDICACION | DATA PUBLICACION |
|---|---|---|---|---|---|---|
| REALIZACIÓN DUN TALLER DE DESEÑO E IMPRESIÓN 3D PARA NENOS E NENAS A PARTIR DE 8 ANOS NA BIBILIOTECA PROVINCIAL PCO.001.2016.00154 | 1.300,00 € | 1.300,00 € | MARCOS SAAVEDRA SEOANE | 44839646L | 01/06/2016 | 06/04/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O CONSERVATORIO DE DANZA PCO.001.2016.00221 | 5.500,00 € | 5.130,40 € | SANTOS SALGADO MUIÑO | 32792100B | 01/06/2016 | 10/05/2016 |
| REALIZACIÓN DUN SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN OBRADOIRO DE CURTOS PCO.001.2015.00470 | 5.000,00 € | 3.500,00 € | CORRELO FILMES, S.L. | B70255989 | 02/06/2016 | 01/12/2015 |
| SUBMINISTRACIÓN DE TRES TABLETS CON DESTINO Á AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA DO IES RAFAEL PUGA RAMON PCO.001.2016.00183 | 1.500,00 € | 1.456,50 € | TECNOLOXÍAS PLEXUS S.L. | B15726177 | 14/06/2016 | 09/05/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DUNHA IMPRESORA 3D CON DESTINO Á AULA DE TECNOLOXÍA DO EIS RAFAEL PUGA RAMÓN PCO.001.2016.00181 | 1.800,00 € | 1.648,87 € | ALECOP S. COOP. | F20028544 | 14/06/2016 | 09/05/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DOS PREMIOS DA VII EDICIÓN DO CONCURSO DE VIÑETAS 2016 “XENERO E MEDIOS DE COMUNICADIÓN” LOTE 1: SEIS TABLETS PCO.001.2016.00175 | 2.500,00 € | 2.284,72 € | SUTEGA PAPELERIA S.L.U. | B15633241 | 15/06/2016 | 09/05/2016 |

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| SUBMINISTRACIÓN DOS PREMIOS DA VII EDICIÓN DO CONCURSO DE VIÑETAS 2016 "XENERO E MEDIOS DE COMUNICADIÓN" LOTE 2: SEIS LOTES DE CÓMIC PCO.001.2016.00175 | 1.000,00 € | 986,04 € | TORRE LIBROS S.L | B15398563 | 15/06/2016 | 09/05/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE CATRO BICICLETAS ESTÁTICAS CON DESTINO AO IES RAFAEL PUGA RAMÓN PCO.001.2016.00179 | 2.100,00 € | 1.931,16 € | INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L. | B15623259 | 20/06/2016 | 09/05/2016 |
| REALIZACIÓN DUN CURSO DE INGLÉS DE ANDAR POLA CASA NA BIBLIOTECA PROVINCIAL PCO.001.2016.00041 | 5.880,00 € | 5.780,00 € | ELISABETH MARGARETHA HAMER TWILT | 32768751F | 20/06/2016 | 05/04/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE TRES CÁMARAS DE FOTOS COMPACTAS CON DESTINO AO EIS RAFAEL PUGA RAMÓN PCO.001.2016.00180 | 1.500,00 € | 1.034,37 € | OFFICE DEPOT S.L. | B80441306 | 20/06/2016 | 09/05/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DUN PROXECTOR CON DESTINO Á AULA INFORMÁTICA DO IES RAFAEL PUGA RAMÓN PCO.001.2016.00182 | 600,00 € | 513,04 € | OFFICE DEPOT, S.L. | B80441306 | 20/06/2016 | 09/05/2016 |
| SERVIZO DE HOTEL EN BRUSELAS PÀRA 10 PERSOAS CON MOTIVO DA PARTICIPACION NA SEMANA EUROPEA DAS REXIONS E CIDADES PCO.001.2016.00266 | 3.500,00 € | 3.450,00€ | NUNEPO S.L. | B15442734 | 22/06/2016 | 10/06/2016 |
| SUBMINISTRACION DE 3 IPAD AIR 2 CON WIFI + CELULAR DE 16 GB PCO.001.2016.00227 | 2.400,00 € | 2.339,57 € | NORTCONSULTING SISTEMAS S.L. | B70317680 | 25/06/2016 | 19/05/2016 |

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| EXECUCION DE OBRAS PARA A ADAPTACIÓN DO SILO DO TALLER DE CARPINTERIA NO IES CALVO SOTELO PCO.001.2016.00135 | 12.082,91 € | 9.062,19 € | CYS HISPANIA S.L. | B74282781 | 27/06/2016 | 06/06/2016 |
| SUBMINISTRACION DE MATERIAL AUDIOVISUAL CON DESTINO AO IES PUGA RAMON | 2.000,00 € | DESIERTO | | | | 09/06/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL PARA O CASTELO DE VIMIANZO: LOTE 1: TELEVISOR E SOPORTE DE PARED | 600,00 € | DESIERTO | | | | 09/06/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL PARA O CASTELO DE VIMIANZO: LOTE 2: DVD E CABLE DE CONEXIÓN HDMI | 100,00 € | DESIERTO | | | | 09/06/2016 |

| B) CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** |
| SERVIZOS DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTES NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A. PCO.001.2016.00098 | 13.000,00 € | 13.000,00 € | TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. | A15073349 | 01/06/2016 |
| CONTRATACIÓN DA PARTICIPACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NA 15ª EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ARQUITECTURA BIENAL DE VENECIA COA OBRA DE ELSA URQUIJO ARQUITECTOS PCO.001.2016.00177 | 17.995,00 € | 17.995,00 € | ELSA URQUIJO ARQUITECTOS S.L.P. | B70023171 | 09/06/2016 |
| CONTRATACIÓN DUNHA CASETA PARA A PARTICIPACIÓN DESTA DEPUTACIÓN NO 20 SALÓN DE ALIMENTACIÓN DO ATLÁNTICO, PCO.001.2016.00248 | 4.609,43 € | 4.609,43 € | FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA | G36155208 | 09/06/2016 |
| CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACCESO EN LIÑA ÁS PLATAFORMAS DE FACENDA LOCAL E OBSERVATORIO ECONÓMICO PROVINCIAL PCO.001.2016.00230 | 13.319,11 € | 13.319,11 € | AULOCE S.A.U | A50878842 | 14/06/2016 |

Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados ou desertos por non presentar ofertas, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2016

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| SERVIZOS DE MONTAXE, DESMONTAXE, EMBALAXE E TRANSPORTE DO MOBILIARIO E PEZAS EXPOSITIVAS DA EXPOSICIÓN INTINERANTE SOBRE O CENTENARIO DAS IRMANDADES DA FALA TITULADA "Saúde e terra, irma(n)s" NAS CIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E FERROL | 12.038,00 € | 11.737,00 € | DAEXGA SERVICIOS INTEGRALES DE GALICIA S.L. | B70040597 | 01/07/2016 | 27/06/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL CON DESTINO AO CASTELO DE VIMIANZO LOTE 1: TELEVISOR Y SOPORTE DE PARED | 600,00 | 435,00 € | COMERCIAL J. SAMPEDRO | 32439443J | 07/07/2016 | 09/06/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL CON DESTINO AO CASTELO DE VIMIANZO LOTE 2: DVD | 100,00 € | 47,00 € | COMERCIAL J. SAMPEDRO. | 32439443J | 07/07/2016 | 09/06/2016 |
| REPOSICIÓN GALERIA DE MADEIRA NA CASA WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ | 9.976,45 € | 7.255,10 € | EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L. | B70336482 | 08/07/2016 | 14/06/2016 |
| CREACIÓN DUNHA ZONA DE ESTACIONAMENTO NA DP 2205 PK 5 800 MIRADOIRO VIXIA HERBEIRA (CARIÑO) | 21.473,13 € | 14.386,90 € | JOSE MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ S.L. | B15111503 | 08/07/2016 | 30/06/2016 |
| SERVIZOS DE COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DA XXVIII COPA DE FUTBOL DEPUTACION DA CORUÑA | 15.379,27 € | 14.883,00 € | CAMPA, FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA, S.L. | B15666944 | 15/07/2016 | 29/06/2016 |

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| ATENCIÓN DA CASETA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA "FEIRA DO LIBRO DA CORUÑA 2016" 1ª CONVOCATORIA | 16.000,00 € | DESERTO | | | | 15/06/2016 |
| ATENCIÓN DA CASETA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA "FEIRA DO LIBRO DA CORUÑA 2016" 2ª CONVOCATORIA | 16.000,00 € | 11.637,99 € | SERVICIOS PARA LA INFORMACIÓN Y DOCUMENTACIÓN DE ARCHIVOS Y BIBLIOTECAS, S.L. (SERINDOC) | B70046842 | 28/07/2016 | 04/07/2016 |

| B) CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO)** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO)** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** |
| SUBSCRICIÓN Á REVISTA "OBSERVATORIO DE LAS IDEAS" | 3.120,00 € | 3.120,00 € | OBSERVATORIO DE IDEAS S.L. | B65855868 | 04/07/2016 |
| CONTRATACIÓN DUN CICLO DE CHARLAS BAIXO O TÍTULO "HISTORIA DA CULTURA GALEGA A TRAVÉS DOS LIBROS"DIRIXIDO A TÓDOLOS PÚBLICOS | 500,00 € | 500,00 € | FELIPE SENÉN LÓPEZ GÓMEZ | 76689843T | 21/07/2016 |

Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2016

| A) CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EXPEDIENTE** | **PRESUPOSTO DE LICITACION (IVE INCLUIDO) €** | **PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUIDO) €** | **ADXUDICATARIO** | **NIF** | **DATA ADXUDICACION** | **DATA PUBLICACION** |
| SUBMINISTRACIÓN DE SEIS TROFEOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA COPA DA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL | p/u 181,50 € : (p/u máximo por categoría Campeón: 150+IVA= 181,50 Subcampeón: 140+IVA= 169,40 | (p/u máximo por categoría Campeón: 170,61 Subcampeón: 140,36 | DIAZ GARRIDO, MANUEL | 32130574B | 05/08/2016 se adxudícase por vale de compra 4 trofeos | 28/07/2016 |
| SUBMINISTRACIÓN DE 500 TARXETAS CRIPTOGRÁFICAS PARA A SINATURA CON CERTIFICADOS DE EMPREGADO PÚBLICO PARA A DEPUTACIÓN E CONCELLOS DA PROVINCIA | 7.055,00 | 7.054,30 | FABRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE-REAL CASA DE LA MONEDA | Q2826004J | 22/08/2016 | 03/08/2016 |
| TRABALLOS DE TRANSPORTE, MONTAXE E DESMONTAXE DA TERCEIRA EDICIÓN DA EXPOSICIÓN “FOTOXORNALISMO CORUÑA” | 3.630,00 | 2.178,00 | A FORXA PRODUCCIONS S.L. | B15820962 | 19/08/2016 | 29/06/2016 |

**7.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA *"REFORMA E POSTA EN VALOR DA PRAZA DE ABASTOS"*, DO CONCELLO DE MELIDE, INCLUÍDA NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016 CO CÓDIGO 16.3290.0040.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2016, polo que se aprobou o Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas mediante acordo plenario do 30 de decembro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 2 do 5 de xaneiro de 2016, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica

Tendo en conta que no apartado 1 do dito acordo do 27 de maio de 2016 indícase que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Melide que se indica na seguinte táboa:

| | | | FINANCIAMENTO | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Concello** | **Código** | **Denominación** | **Préstamo Deputación** | **Achega Concello** | **Total** | **Condición a realizar** |
| *MELIDE* | *16.3290.0040.0* | *Reforma e posta en valor da Praza de Abastos* | *99.733,55* | *0,00* | *99.733,55* | *-Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* |

Logo de presentar telematicamente o Concello de Melide un proxecto modificado desta obra, sen variación do seu orzamento total, aprobado polo concello despois dos correspondentes informes favorables, para dar cumprimento ás condicións recollidas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 22 de xuño de 2016 que autoriza a súa execución

Tendo en conta que esta obra está aínda sen adxudicar

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra "Reforma e posta en valor da Praza de Abastos" do Concello de Melide, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 16.3290.0040.0, cos datos que se indican, que aínda está sen adxudicar e que non supón modificación do seu orzamento total nin variación do seu obxecto e finalidade, pero si implica unha variación interna das partidas orzamentarias do proxecto superior ao 30%.

| | | | FINANCIAMENTO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Concello** | **Código** | **Denominación** | **Préstamo deputación** | **Achega concello** | **Orzamento Total** |
| *MELIDE* | *16.3290.0040.0* | *Reforma e posta en valor da Praza de Abastos* | *99.733,55* | *0,00* | *99.733,55* |

O préstamo provincial asignado a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/9433/82120 do vixente orzamento provincial.

2º.- Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o apartado 1 do acordo plenario desta deputación do 27 de maio de 2016, polo que se aprobou o PAI 2016, consistente na obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, e aprobar a obra definitivamente toda vez que o Concello de Melide presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

3º.- Notificar esta Resolución ao Concello de Melide para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución desta obra incluída no PAI 2016."

**8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARZÚA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE "REPOSICIÓN DE PAVIMENTO, IMPERMEABILIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE SOPORTAL EN EDIFICIO DE MULTIUSOS (TERRA DO QUEIXO)".**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Arzúa para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Arzúa |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Reposición de pavimento, impermeabilización e acondicionamento de soportal en edificio de multiusos (Terra do Queixo) |
| ORZAMENTO DO PROXECTO | 30.000,00 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 24.000,00 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 6.000,00 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 80,00000 % |
| PARTIDA ORZAMENTARIA | 0430/93391/76201 |

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/93391/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste Convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARZÚA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REPOSICIÓN DE PAVIMENTO, IMPERMEABILIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE SOPORTAL EN EDIFICIO DE MULTIUSOS (TERRA DO QUEIXO)**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Arzúa, José Luis García López

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Arzúa ambas as partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I. Obxecto**

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arzúa, con CIF P1500600J para o financiamento da obra de "Reposición de pavimento, impermeabilización e acondicionamento de soportal en edificio de multiusos (Terra do Queixo)", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico municipal, Luis Fole Barrio.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

**II. Orzamento de execución das obras**

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| Orzamento execución material | 20.834,78 € |
| Gastos xerais (13%) | 2.708,52 € |
| Beneficio industrial (6%) | 1.250,09 € |
| IVE (21 %) | 5.206,61 € |
| Orzamento da contrata | 30.000,00 € |

**III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 24.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/93391/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

**VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

**IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

**X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

**XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a

prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria do

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos | O alcalde-presidente do Concello de Arzúa |
| Xosé Regueira Varela | José Luis García López” |

**9.- APROBACIÓN DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME" E EXCLUSIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do 27 de novembro de 2015 relativo á aprobación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra denominada "Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume".

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do día 29/06/2016 polo que se aproba a modificación deste convenio

Logo de ver a solicitude presentada polo Concello de Pontedeume da segunda modificación do convenio, coa finalidade de adaptalo ao texto definitivo aprobado polo Consello da Xunta do 25/08/2016.

1.- Aprobar a segunda modificación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume, para o financiamento da obra denominada "Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume", aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación o 27 de novembro de 2015, e modificado por primeira vez o 29 de xuño de 2016, que afecta ás cláusulas 4, 8, 12 e 17, segundo se detalla a continuación :

- **Cláusula 4. Obrigas do Concello de Pontedeume**

Modifícase a última das obrigas do Concello relativa ás medidas necesarias para acadar a excelencia do mercado municipal, que queda redactado como segue: *"Iniciar a través da correspondente solicitude o procedemento para a obtención do selo de mercado excelente outorgado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no marco do Plan de mercados Excelentes"*

- **Cláusula 8. Publicidade**

No primeiro parágrafo engade, unha referencia ao artigo 17 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e engade tamén un segundo parágrafo no que indica o seguinte : *"Así mesmo o concello presta o seu consentimento para que os datos que consten no convenio e os referidos á subvención recibida sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia".*

- **Cláusula 12. Modificación e Resolución do Convenio**

Engade un parágrafo cuarto que indica o seguinte : *"O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, segundo o artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, DOG núm. 17 do 27 de xaneiro de 2014. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución"*

- **Cláusula 17. Remisión Normativa**

Modifica a referencia á Lei de transparencia de Galicia, de xeito que a que figura no Convenio é a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro)

O texto completo do convenio modificado figura como anexo a este expediente.

2.- O financiamento da achega provincial a este convenio realízase con cargo á partida 0430/4314/76201 do vixente orzamento provincial.

Dado que a vixencia deste Convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

3.- A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada a que o Concello de Pontedeume acredite a total dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

En Santiago de Compostela, a ------- de ----------------- de dous mil dezaseis, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Dunha parte Don Francisco Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado no Decreto 124/2015, do 4 de outubro, actuando no exercicio do seu cargo e das competencias que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007 do 28 de marzo e 12/2007 do 27 de xullo e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo do 1991, feito público mediante resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril de 1991).

Don Xosé Regueira Varela, deputado responsable da Área de Cooperación cos concellos da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación da dita corporación, por delegación do seu presidente D. Valentín González Formoso, realizada mediante Resolución de presidencia número 29081 do 23 de decembro de 2015, en relación co art. 34 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Don Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente do concello de Pontedeume, que actúa en nome e representación do dito concello, e facultado para ese outorgamento en virtude do disposto no art. 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, así como o establecido no acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 5 de novembro de 2015, no punto 2.- PAS convenios, 2015, obra rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume.

As partes, na representación que desempeñan teñen capacidade legal para asinar o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Á Consellería de Economía, Emprego e Industria (en adiante a consellería) correspóndelle a planificación, coordinación e control das competencias da consellería en materia de comercio interior e concretamente a Dirección Xeral de Comercio ten atribuídas, entre outras funcións, a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas para estes fins, nos termos recollidos no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 232, do 4 de decembro de 2015).

A consellería, entregada na tarefa de acadar a reactivación da economía galega, conta co tecido comercial como un dos colaboradores principais e necesarios. O comercio dinamiza a economía ao tempo que actúa como unha rede capaz de vertebrar o progreso de toda a comunidade. Neste escenario é preciso incrementar a competitividade do comercio polo miúdo e modernizar e adecuar o comercio de proximidade co fin de que mellore a súa atracción comercial, así como adaptar os establecementos ás necesidades do usuario, e que o consumidor alcance o servizo desexado.

A adecuación e mellora dos equipamentos comerciais municipais constitúen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio, e así se considera no programa de obxectivos da Dirección Xeral de Comercio, que no seu conxunto, pretende contribuír a construír un sector comercial galego máis competitivo e dinámico. Para estes efectos, as actuacións desenvolvidas polos concellos no ámbito comercial resultan imprescindibles e así o considera a consellería, que persegue, entre outras finalidades, fomentar a cooperación e coordinación entre os diferentes axentes, tanto públicos como privados, implicados no sector comercial de venda polo miúdo; e moi especialmente os mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralizade comercial con capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que

constitúen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco derivado do mar, a horta e a gandería.

É preciso, polo tanto, acondicionar estes espazos ás necesidades actuais, tanto dos comerciantes como dos consumidores para potenciar o desenvolvemento desta fórmula de distribución comercial, e que se enmarca nos obxectivos, no eido competencias da consellería. Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Pontedeume para a rehabilitación e ampliación do mercado municipal.

O proxecto de orzamentos de gastos da consellería para o ano 2016, inclúe unha aplicación de asignación nominativa a favor do Concello de Pontedeume, aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.4, proxecto de investimento 2015 00275, de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e 36.a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

SEGUNDO. A Deputación Provincial da Coruña (en adiante a deputación) é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos a adaptarse a estes novos escenarios, para manter os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. A deputación considera de gran interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a adicada ao pequeno comercio ofrecéndolles aos clientes un amplo abano de vantaxes.

TERCEIRO. O Concello de Pontedeume (en adiante o concello) dispón do pleno dominio da praza de abastos, que ten grande importancia para o municipio como espazo dedicado á prestación dun servizo público, co obxectivo de que o inmóbel se manteña destinado ao uso que lle é propio, adaptándoo aos novos condicionantes do mercado, que fagan posíbel a modernización das súas instalacións, a dotación de determinados espazos dos que carece e a reorganización das súas funcións internas.

A confluencia de obxectivos das partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta do proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume, coa finalidade de acadar a mellora deste equipamento comercial co máximo rendemento dos recursos empregados, e en consecuencia, as entidades acordan formalizar este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto deste convenio é a realización e financiamento da "Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume", cun orzamento máximo dun millón cincocentos noventa e catro mil novecentos quince euros (1.594.915,00.-) IVE incluído, cuxo proxecto se xunta como anexo.

SEGUNDA.- ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E ANUALIDADES.

A consellería, a deputación e o concello, comprométense a financiar o mencionado proxecto coa seguinte distribución porcentual:

- A consellería, con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.4, proxecto de investimento 2015.00275 "Equipamentos comerciais municipais. Rede galega de mercados e Prazas de Abastos", modalidade de financiamento 1010 polo importe 531.638,00 euros, IVE incluído, que representa o 33,33%.

  Independentemente de que o crédito consignado nesta aplicación orzamentaria para a anualidade 2016 e de asignación nominativa, a anualidade prevista para o ano 2017, de conformidade co disposto polo artigo 26.2 da Lei de subvencións de Galicia, o crédito plurianual previsto no convenio terá a consideración de subvención directa.

Con este fin, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, existe na aplicación 2016.09.30.751A.761.4 partida orzamentaria consignada pola contía de 158.280,00 €, para atender o financiamento da "Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume".

- A deputación con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4314/76201 achegará un total de 502.398,23 euros, IVE incluído, que representa o 31,50%.

- O concello, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente achegará un total de 560.878,77 euros, IVE incluído, que representa o 35,17%.

Ao aplicar a distribución porcentual recollida nos parágrafos anteriores resulta a distribución por anualidades e cantidades seguintes:

| ANUALIDADE | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA | DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | CONCELLO DE PONTEDEUME | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 2016 | 158.280,00.- | 0,00.- | 0,00.- | 158.280,00.- |
| 2017 | 373.358,00.- | 502.398,23.- | 560.878,77.- | 1.436.635,00.- |
| TOTAL | 531.638,00.- | 502.398,23.- | 560.878,77.- | 1.594.915,00.- |

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa de cada unha das administracións que interveñen e queda, por tanto, sometida á existencia de crédito orzamentario nos respectivos orzamentos.

Ao tratarse dun compromiso de gasto plurianual, en virtude do establecido pola Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da

Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, é requisito previo para a subscrición deste convenio a autorización do Consello da Xunta de Galicia e, polo tanto, respectaranse as disposicións contidas no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Unha vez efectuada a licitación das obras, a baixa de adxudicación, no caso de producirse, será repercutida proporcionalmente nas achegas da deputación, da consellería e do concello.

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data límite de xustificación establecida na cláusula correspondente. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprirase o estipulado no artigo 29, puntos 4 e 5, da citada Lei 9/2007.
- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
- Ao amparo do presente convenio consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións recollidas no proxecto anexo a este convenio.
- Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, permitirase a subcontratación do cen por cento das actividades subvencionadas.
- Calquera incremento que se derive da execución do contrato de obra, liquidacións ou doutro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

CUARTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

1. O concello, para poder obter a condición de beneficiario no presente convenio deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditar a dispoñibilidade dos inmobles e vías en que está previsto realizar os investimentos.
- Presentar declaración responsable de non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificar que se atopa ao dia na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvenciones ás

entidades locais galegas.

2. O concello quedará en todo caso suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas; e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar os investimentos sinalados na cláusula primeira que fundamenta a concesión da subvención, e coa suxeición a os procedementos de contratación previstos no RDL 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Xustificar no tempo e forma que correspondan, diante da consellería e a deputación, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento das súas finalidades.
- Someterse ás actuacións de comprobación da consellería e da deputación, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade no lugar das actuacións subvencionadas durante o prazo de execución, debendo constar que están subvencionadas pola consellería e a deputación.
- Reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Dar consentimento expreso para a inclusión dos datos relevantes do convenio nos rexistros públicos de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2006 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.
- Comunicarlle por escrito á consellería e á deputación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- Comunicarlle á consellería e á deputación o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
- Manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados e a vinculación destes á actividade que motivou a subvención, durante un período mínimo de cinco anos.
- Iniciar a través da correspondente solicitude o procedemento para a obtención do selo de mercado excelente outorgado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no marco do Plan de mercados excelentes.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Respecto da xustificación e pagamento no que atinxe á consellería teranse en conta as seguintes especificacións:

1.1. A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para cadansúa anualidade 2016 e 2017, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario.

Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou o pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento da anualidade posterior, sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda. Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano correspóndenlle á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observarase en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.2. O concello estará obrigado a xustificar diante da consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

1.3. A conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola Secretaría do concello, co visto e prace do alcalde relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a

actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

1.4. Condicións de pagamento:

- As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.
- A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na Consellería de Economía, Emprego e Industria - Dirección Xeral de Comercio, que emitirá, certificación acreditativa de cumprimento das actuacións subvencionadas.
- As achegas da consellería minorarase porcentualmente no caso de que non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto, ou de resultar a concorrencia con outras axudas sempre que a contía total supere o custo do investimento.
- Os pagamentos correspondentes á consellería serán realizados ao concello, unha vez presentada a correspondente xustificación, e aprobada polos órganos competente da Xunta de Galicia.
- A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

1.5. Comprobación material: Segundo establece o artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedinte, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polas tres administracións intervenientes neste convenio, sen prexuízo de que a dita comprobación material se poida encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

1.6. Poderán aprobarse o pago anticipado ata un límite do 40% do importe concedido, logo de solicitude e xustificación da súa necesidade polo beneficiario en cada unha das anualidades,

A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios quedarán exentos da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio, conforme ao disposto no artigo 65.4,c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Respecto da xustificación e pagamento no que atinxe á deputación realizarase na anualidade 2017 sempre que exista crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial do dito exercicio, do seguinte modo:

2.1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento ata o 40% da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía

resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2.2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

SEXTA. RESPONSABILIDADE NA CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

1. O concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo, agás que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da obra, non acheguen valor engadido ao seu contido.

2. O concello poderá concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

3. A contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.

4. Tendo en conta que as actuacións obxecto do convenio poden implicar que o concello leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes, ou así o esixa a natureza do obxecto.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

A axuda concedida será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso minorarase a subvención tanto da consellería como da deputación.

OITAVA. PUBLICIDADE

O concello presta o seu consentimento á consellería e á deputación para que, de conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44, 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

Así mesmo o concello presta o seu consentimento para que os datos que consten no convenio e os referidos á subvención recibida sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións a cesión de datos de carácter persoal que deba efectuárselle á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no apartado 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO PROXECTO.

1. O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado, e no seu caso, coa correspondente modificación do contrato de obras nos termos establecidos polo RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, cun mes de antelación á data de finalización de cada anualidade de conformidade co artigo 7 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En ningún caso a modificación poderá supoñer un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Comercio da consellería e pola deputación.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respectando o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitando actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio.

3. Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade á súa sinatura.

DÉCIMA. VIXENCIA.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o día 30 de decembro de 2017, sen que se prevexa a posibilidade da súa prórroga.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha comisión de seguimento, que adoptará os seus acordos por consenso e que estará integrada por dous representantes do concello, por dous representantes da deputación e por dous representantes da consellería. Constituirase a petición de calquera das partes.

Son funcións desta comisión, velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DÉCIMO SEGUNDA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO
Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar a modificación do convenio nos termos establecidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 7 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á minoración da subvención establecida na cláusula segunda deste convenio.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña coo finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, segundo o artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de reacionalización do sector público autonómico, DOG núm. 17 do 27 de xaneiro de 2014. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Serán causas de resolución do presente convenio, as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento por algunha das partes de calquera das prescricións contidas neste convenio, o que comunicará, quen a invoque, de xeito fidedigno, con audiencia previa das partes.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.

DÉCIMO TERCEIRA. INCUMPRIMENTO TOTAL E PARCIAL DO CONVENIO

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas nestas cláusulas, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Titulo II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio da consellería e a deputación poderán apreciar un incumprimento parcial, e deberán resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de mora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título VI do seu regulamento.

DÉCIMO CUARTA. RELACIÓNS CON TERCEIROS.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades referidas e a Xunta de Galicia e a deputación, de tal xeito que estas quedarán exentas de calquera responsabilidade -nin directa, indirecta ou subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA. INFORMACIÓN.

Para efectos informativos e de coñecemento público, durante o tempo de duración das obras, instalarase en lugar ben visíbel desde a vía pública, un cartel publicitario das dimensións suficientes, no que constarán as características da obra e o grao de participación nela, das administracións asinantes deste convenio e os seus respectivos logotipos.

De igual xeito, as partes comprométense a reflectir en calquera difusión pública que se realice das obras a participación das administracións públicas ou órganos administrativos que interviñeron nela, incluso no caso de que a dita difusión se leve a efecto con posterioridade á finalización dos traballos, debendo remitirse copias ao outro asinante.

A colaboración financeira das administracións asinantes deste convenio deberá quedar expresamente sinalada nun lugar visíbel, de forma permanente, do acceso á actuación no momento da inauguración e/ou recepción.

DÉCIMO SEXTA. NATUREZA E INTERPRETACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse. Rexerase polas súas propias cláusulas e ademais pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndelle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SÉTIMA. REMISIÓN NORMATIVA

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro).

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).

- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo, rexerase pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polos principios da Lei de contratos do sector público e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as tres partes ao acordado en todas as estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese, en exemplar triplicado, no lugar e data arriba indicados.

| | | |
|---|---|---|
| POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. | POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA | POLO CONCELLO DE PONTEDEUME |
| O conselleiro | O deputado | O alcalde |

ANEXO: PROXECTO DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME



# PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN Y AMPLIACIÓN DEL MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

PRAZA DO CONDE. PONTEDEUME. A CORUÑA — OCTUBRE DE 2015

promueve **CONCELLO DE PONTEDEUME**

---


**CARBAJO Y BARRIOS Arquitectos Asociados slp** — **SOCIEDAD COLEGIADA COAG 20140**

Arquitectos representantes:

MANUEL CARBAJO CAPEÁNS — ARQUITECTO COLEGIADO COAG 2391

CELSO BARRIOS CEIDE — ARQUITECTO COLEGIADO COAG 3307


## TOMO I. MEMORIA DESCRIPTIVA Y JUSTIFICATIVA

CONCELLO DE PONTEDEUME

**MANUEL CARBAJO CAPEÁNS y CELSO BARRIOS CEIDE**, arquitectos adscritos al Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia con los nº 2391 y 3307,

**HACEN CONSTAR**:

Que este Proyecto Básico y de Ejecución tiene como fin exponer las determinaciones necesarias para la Rehabilitación y Ampliación del Mercado Municipal de Pontedeume, situado en la Plaza do Conde de Pontedeume, A Coruña, constando de:

**TOMO I**


**MEMORIA DESCRIPTIVA**

1. INFORMACIÓN PREVIA Y DESCRIPCIÓN DEL EDIFICIO 003
2. PRESTACIONES DEL EDIFICIO 021
3. MEMORIA CUMPLIMIENTO DE NORMATIVA URBANÍSTICA 025

**JUSTIFICACIÓN DE CUMPLIMIENTO DE LA NORMATIVA BÁSICA**

1. RESUMEN DEL CUMPLIMIENTO DEL CTE Y OTRAS NORMATIVAS ESPECÍFICAS 027
2. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL DB-SI (SEGURIDAD DE INCENDIO) 029
3. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL DB-SUA (SEGURIDAD DE USO Y ACCESIBILIDAD) 043
4. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL DB-HE (AHORRO DE ENERGÍA) 059
5. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL DB-HS (SALUBRIDAD) 065
6. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL DB-SE (SEGURIDAD ESTRUCTURAL) 085
7. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL DB-HR (PROTECCIÓN AL RUIDO) 093
8. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL REAL DECRETO 1367/2007 EN DESARROLLO DE LA LEY 37/2003 DEL RUIDO 101
9. JUSTIFICACIÓN DE LA ORDEN VIV/561/2010 DE ACCESIBILIDAD Y NO DISCRIMINACIÓN PARA EL ACCESO Y UTILIZACIÓN DE LOS ESPACIOS PÚBLICOS URBANIZADOS 111
10. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL DECRETO 35/2000 ACCESIBILIDAD Y SUPRESIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS. 113
11. JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL REAL DECRETO 486/97 DE 14 DE ABRIL DISPOSICIONES MÍNIMAS DE SEGURIDAD Y SALUD EN LOS LUGARES DE TRABAJO 115
12. PLAN DE CONTROL DE OBRA 119
13. ESTUDIO PARA LA GESTIÓN DE LOS RESIDUOS DE OBRA 143

ANEXO I. ACTA DE REPLANTEO PREVIO
ANEXO II. PLAZO DE EJECUCIÓN
ANEXO II. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA
ANEXO IV. CALIFICACIÓN DE EMPRESA CONSTRUCTORA
ANEXO V. PLAN DE OBRA
ANEXO VI. ESTUDIO GEOTÉCNICO
ANEXO VII. PROYECTO ARQUEOLÓGICO
ANEXO VIII. RESOLUCIÓN DE LA DIRECCIÓN GENERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

## TOMO II

**MEMORIA CONSTRUCTIVA**

| | |
|---|---|
| 1. SUSTENTACIÓN DEL EDIFICIO | 003 |
| 2 SISTEMA ESTRUCTURAL | 004 |
| 3. SISTEMA ENVOLVENTE | 006 |
| 4. SISTEMA DE COMPARTIMENTACIÓN | 009 |
| 5. SISTEMA DE ACABADOS | 010 |
| 6. SISTEMA DE ACONDICIONAMIENTO E INSTALACIONES | |
| 6.1. MEMORIA DE VENTILACIÓN | 013 |
| 6.2. MEMORIA DE FONTANERÍA Y SANEAMIENTO | 065 |
| 6.3. MEMORIA DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA E ILUMINACIÓN | 095 |
| 6.4. MEMORIA DE INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS | 215 |


## TOMO III

**MEDICION Y PRESUPUESTO**

## TOMO IV

| | |
|---|---|
| **NORMATIVA DE OBLIGADO CUMPLIMIENTO** | 03 |
| **PLIEGO DE CONDICIONES TÉCNICAS** | 33 |


## TOMO V ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD

| | |
|---|---|
| **MEMORIA** | 03 |
| **PLIEGO DE CONDICIONES TÉCNICAS** | 61 |
| **PRESUPUESTO DE SEGURIDAD Y SALUD** | 95 |
| **PLANOS** | |


## PLANOS

Santiago de Compostela, octubre de 2015

Firmado digitalmente por CARBAJO CAPEANS MANUEL - 33300200H
Fecha: 2015.10.30 10:34:43 +01'00'

Firmado digitalmente por BARRIOS CEIDE CELSO - 33324770R
Fecha: 2015.10.30 10:37:27 +01'00'

**Manuel Carbajo Capeáns**
Arquitecto Colegiado COAG 2391

**Celso Barrios Ceide**
Arquitecto Colegiado COAG 3307

# MEMORIA DESCRIPTIVA

## 1. – INFORMACIÓN PREVIA Y DESCRIPCIÓN DEL EDIFICIO

### 1.1 - CONSIDERACIONES GENERALES

La presente documentación recoge el Proyecto Básico y de Ejecución para la Rehabilitación y Ampliación del Mercado Municipal de Pontedeume, situado en la Plaza do Conde de Pontedeume, A Coruña.

El presente documento, con fecha Octubre de 2015, recoge las condiciones impuestas por la Comisión Territorial del Patrimonio Histórico Galego da Coruña, en su informe favorable al presente proyecto. SE acompaña como anexo la Resolución de la Dirección General del Patrimonio Cultural en la que se trascribe dicho informe.

El documento ha sido redactado por iniciativa del Concello de Pontedeume con CIF P1507000F, domiciliado en Rúa Real 13, 15600 Pontedeume, A Coruña, representado por su Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Son autores del presente proyecto los Arquitectos Superiores Manuel Carbajo Capeáns, colegiado 2391 y Celso Barrios Ceide, colegiado 3307; representando a la sociedad CARBAJO Y BARRIOS Arquitectos Asociados colegiada con el número 20140 en el Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia. Han colaborado en el mismo los Arquitectos Ismael Ameneiros y Santiago Rey, y el Ingeniero Técnico Industrial Carmelo Freire Beiro.

### 1.2. – INFORMACIÓN PREVIA: ANTECEDENTES Y CONDICIONANTES DE PARTIDA

EMPLAZAMIENTO

El Mercado Municipal está situado en la Plaza do Conde, en el centro urbano del Concello de Pontedeume, provincia de A Coruña.

DATOS DEL SOLAR

El mercado está asentado sobre un terreno con una fuerte pendiente en dirección transversal norte-sur, aunque la nave principal se encuentra situada sobre un podio que recoge dicha pendiente permitiendo la existencia de una única cota en el interior de la edificación. El mercado tiene su fachada principal y de acceso orientada al norte.

La superficie construida en la actualidad es de 918,60 m$^2$ repartidos entre una nave principal de forma rectangular de 381,53 m$^2$ construidos; y una ampliación posterior de la parte sur de forma trapezoidal de 537,07 m$^2$ construidos según la medición realizada. Además cuenta con una superficie construida de 326,10 m$^2$ de espacio exterior cubierto (porche).


Plano de la distribución de puestos en el Mercado de Puentedeume.
Planta
Escala 1:100


Proyecto de ampliación del Mercado de Puentedeume. Escala 1:100
Zona que se amplía
Planta de la zona ampliada.


Alzado lateral izquierdo.
Rasante actual
Ampliación

## DATOS DE LA EDIFICACIÓN EXISTENTE

La historia de la construcción del Mercado Municipal en la Plaza del Conde se remonta a marzo de 1926, cuando la Corporación Municipal, al mismo tiempo que estaba pensando en hacer desaparecer el antiguo mercado de pescado, propone la edificación de uno nuevo. La ubicación física del mercado se corresponde en parte con la localización de lo que fue el Pazo de los Andrade, que fue derribado, manteniendo exclusivamente la Torre hoy se encuentra al norte del mercado. En la actual Rúa de San Miguel se situaba la Capilla del Pazo (Capilla de San Miguel) así como las Cuadras del Pazo y la Casa del Labrador.

Previo a la realización de este proyecto se ha realizado Prospección Arqueológica a cargo de Axa Arqueología SC, concluyéndose lo siguiente:

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE TEO, unha vez que presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE TEO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
6.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

**VII. TERMO PARA O REMATE DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE TEO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da sinatura do presente convenio e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE TEO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE TEO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE TEO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE TEO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE TEO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE TEO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE TEO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE TEO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE TEO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no

que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE TEO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE TEO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 01 de xaneiro do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2016**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE TEO non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE TEO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por
E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O representante do CONCELLO DE TEO

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO"

**11.-APROBACIÓN INICIAL DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2016.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Vista a proposta de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2016 do proxecto da obra que máis abaixo se relaciona, no marco das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se

incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 29 de xullo do 2016 (BOP número 144 do 1 de agosto do 2016):

1.- Aprobar inicialmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2016, integrada pola obra que se relaciona a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | CONCELLO | ORZAMENTO |
|---|---|---|---|
| 2016.1130.0001.0 | Actualización do proxecto de ensanche e mellora da seguridade viaria e proxecto de renovación de servizos urbanos na DP 9301 da estrada da Coruña-Fisterra á estrada Baio-Ponteceso, PK 0,000 ao 1,320 (Zas) | Zas | 837.464,30 |
| | | **TOTAL** | **837.464,30** |

O financiamento do proxecto incluído nesta primeira fase do plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2.- Remitir un exemplar do citado proxecto ao concello correspondente no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que o concello lle envíe á Deputación no prazo de 40 días naturais contados desde a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019".

**12.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2016, CUARTA FASE.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2016, cuarta fase, integrado pola obra que se indica a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | CONCELLO | ORZAMENTO |
|---|---|---|---|
| 16.1170.0006.0 | Mellora seguridade viaria senda peonil na DP 7306 de Aguiño a Carreira por A Graña, PK 2,380 ao PK 2,900 (Ribeira) | Ribeira | 140.177,63 |
| | | **TOTAL** | **140.177,63** |

O financiamento do proxecto incluído neste plan realizarase con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**13.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE REFERENCIAS TEMPORAIS NAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Considerando as formalidades previstas para a aprobación do PMA, e que a primeira fase podería aprobarse na sesión plenaria que terá lugar o próximo mes de outubro, esta circunstancia xa non permitiría cumprir o prazo indicado na base 7ª de adxudicar as actuacións incluídas no plan antes do 1 de outubro.

Existindo, en consecuencia, unha incongruencia entre os prazos de tramitación reais do PMA e os prazos indicados nas súas bases, debe facerse a oportuna corrección tanto na base 7ª como na base 9ª, para adaptalas aos tempos de xestión mencionados; incluíndo tamén neste caso á base 2ª, de acordo coas consideracións do informe da Intervención Xeral. É por este motivo polo que se propón a seguinte modificación das mencións temporais das bases 2ª, 7ª e 9ª, no sentido de ampliar os prazos indicados para a adxudicacións das actuacións incluídas no plan, a súa execución e a súa xustificación:

**Na base 2ª. FINALIDADE**

**Onde di:**

O prazo para a realización dos proxectos e actividades comprenderá dende o 01 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016 con carácter xeral, excepto no caso de que a actuación fose obxecto de prórroga, segundo se indica na base 7.

**Pasa a dicir:**

O prazo para a realización dos proxectos e actividades comprenderá dende o 1 de xaneiro de 2016 **ata 2 meses antes do cumprimento das datas indicadas na base 9ª**.

**Na base 7ª. CONTRATACIÓN DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS**

**Onde di:**

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no plan ata o 01/10/2016. No entanto, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia despois da solicitude motivada da entidade local interesada.

**Pasa a dicir:**

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no plan **nun prazo de 3 meses, contados desde a data da aprobación definitiva desta inclusión.** Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia despois da solicitude motivada da entidade local interesada.

**Na base 9ª. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

**Onde di:**

O prazo para a xustificación das actuacións rematará o día 28 de abril de 2017 ás 14:00 horas. Se o investimento ou actividade foi obxecto de prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 31 de maio de 2017 ás 14:00 horas.

**Pasa a dicir:**

O prazo para a xustificación das actuacións rematará o día **31 de xullo de 2017** ás 14:00 horas. Se o investimento ou actividade foi obxecto de prórroga, o prazo de xustificación rematará o día **31 de outubro de 2017** ás 14:00 horas

.

A redacción definitiva das bases queda como se indica a continuación:

## BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016 (PMA 2016)

### 1.– DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente "**Plan provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016**" é un plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2016, que se elabora no marco do previsto no artigos 36.1.b) e d), en relación co disposto nos artigos 24 e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, en colaboración cos concellos da provincia da Coruña.

O plan fináncíase cunha achega provincial na anualidade 2016 por importe de 5.000.000,00 €, ademais das achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento das actuacións previstas.

Nas partidas 0520/17221/76201 e 0520/17221/46201, do orzamento provincial para o exercicio 2016 consígnase a cantidade de 5.000.000,00 € para o financiamento do plan.

### 2.– FINALIDADE

A finalidade do PMA 2016 é a mellora do entorno natural e a calidade ambiental da provincia da Coruña, apoiando o desenvolvemento nos concellos de políticas respectuosas co medio ambiente.

Para materializar esta finalidade, cada entidade beneficiaria poderá utilizar a cantidade que se lle asigne tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Un mínimo do 50 % a proxectos de investimentos.
- Un máximo dun 50 % a actividades.

O prazo para a realización dos proxectos e actividades comprenderá dende o **1 de xaneiro de 2016 ata 2 meses antes do cumprimento das datas indicadas na base 9ª**.

## A).- PROXECTOS DE INVESTIMENTO

### A.1.– Tipos de obras ou subministracións

Neste plan pódense incluír proxectos de investimento cuxo orzamento individual non sexa inferior a 15.000,00 €, excepto no caso indicado, e que estean relacionados con finalidades tales como as seguintes:

- Redacción de proxectos de investimento en materia de medio ambiente, cuxo importe exceda de 3.000,00 €.
- Construción, substitución ou mellora de instalacións produtoras ou consumidoras de enerxía.
- Substitución ou melloras de sistemas de iluminación de espazos públicos, que redunden no aforro e na eficiencia enerxética, así como na redución da contaminación luminosa.
- Substitución, mellora ou adquisición de caldeiras e de elementos dos sistemas de climatización para mellorar a súa eficiencia.
- Obras de acondicionamento de edificios municipais para a mellora da súa xestión enerxética.
- Infraestruturas para a eliminación da contaminación acústica.
- Subministración de bens que redunden nunha mellora na xestión medioambiental.
- Recuperación ambiental de espazos degradados destinados ao uso público.
- Adquisición e instalación de colectores de recollida selectiva de residuos.
- Creación, adecuación e/ou mellora de zonas verdes de titularidade municipal (parques, xardíns, áreas verdes urbanas e periurbanas).
- Creación de hortos urbanos con fins de integración social.
- Acondicionamento de rutas de sendeirismo.
- Renovación e mellora das redes de abastecemento e saneamento.
- En xeral, aquelas obras ou investimentos cuxo obxectivo principal sexa a protección de medio ambiente.

### A.2.– Proxectos e pregos de prescricións técnicas

Os proxectos e pregos de prescricións técnicas deberanse presentar para todos os investimentos e subministracións incluídas na anualidade de 2016.

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os orzamentos parciais do proxecto ou prego, e deberán estar asinados por técnico competente.

Os proxectos deben ser obras completas. Por iso, no caso de proxectos que teñan na súa denominación a indicación da realización dunha fase, parte, tramo,

etc., debe figurar na memoria do proxecto que se trata dunha obra completa de acordo co establecido no artigo 86.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE n.º 276 do 16 de novembro), sempre que sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto. Nestes casos, terase que achegar un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

Non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no plan.

A documentación que se ha de achegar detállase a continuación:

**A.2.1. – Obras**

No caso de obras, os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos:

a) Proxecto técnico: memoria, plan de conxunto e de detalle, orzamento detallado de execución, estudo xeotécnico, estudo de seguridade e saúde, declaración de obra completa e demais documentación preceptiva de acordo coas normas contractuais ou sectoriais de aplicación.
b) Se se pretenden efectos retroactivos para a vixencia deberá xustificarse a dita circunstancia, sen que en ningún caso poidan incluírse gastos imputables a exercicios vencidos.
**c)** Declaración doutras subvencións solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.

**A.2.2 – Subministracións**

No caso de subministracións, os pregos de prescricións técnicas deberán incluír cando menos os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa na que se indicará, polo menos, o obxecto e finalidade da subministración e o destino de interese público ao que se adscribirán os bens por un período mínimo de cinco anos.
b) Orzamento total e detallado con indicación das fontes de financiamento previstas e do calendario de execución previsible. Se se distribúe en fases deberá identificarse o orzamento e as fontes de financiamento de cada unha delas.
c) Prescricións técnicas que permitan a adecuada descrición dos bens que constitúen o obxecto da actuación.
**d)** Declaración doutras subvencións solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.

**A.3. – Disposición común a investimentos**

Os servizos técnicos provinciais supervisarán os proxectos técnicos nos que se requira e verificarán, nestes casos, a idoneidade da documentación achegada á que se fai referencia nos apartados A.2.1 e A.2.2. e informarán as solicitudes de

prórroga ás que se acompañará a documentación solicitada nos apartados A.2.1 e A.2.2.

## B).- PROXECTOS DE ACTIVIDADES

### B.1.- Actividades subvencionables

No suposto de que o concello solicitante opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento de actividades no ámbito do medio ambiente no exercicio 2016, poderanse incluír proxectos cun orzamento mínimo de 3.000,00 €, que estean relacionados con finalidades tales como as seguintes:

- Estudos de eficiencia enerxética.
- Estudos medioambientais e asistencias técnicas.
- Realización de mapas de ruídos e control acústico.
- Campañas de limpeza de espazos comúns (áreas recreativas, ríos, rutas de sendeirismo, montes...).
- Campañas de sensibilización medioambiental.
- Formación de voluntariado ambiental.
- Cursos, xornadas e material divulgativo en relación coa reciclaxe, a separación de residuos, a conservación do medio natural, loita contra o cambio climático, etc.
- Servizos de recollida e coidado de animais abandonados.
- Campañas de desratización e eliminación de pragas.
- Eliminación de especies invasoras, tales como a "Herba das Pampas (Cortaderia Selloana)", etc.
- Brigadas medioambientais.
- En xeral, aquelas cuxo obxectivo principal sexa a protección de medio ambiente.

### B.2.- Documentación

No caso de actividades, deberá presentarse a seguinte documentación por cada proxecto de actividade que se vai realizar:

a) Memoria e orzamento detallados das actividades que se van realizar e o seu calendario aprobado polo órgano competente.
b) Acordo de aprobación da memoria, orzamento e solicitude da subvención adoptado polo órgano competente.
c) O orzamento deberá recoller todos os elementos de gasto que implica a actividade co maior detalle posible:
   - Gastos de persoal directamente adscrito á actividade.
   - Gastos correntes en bens e servizos orixinados directamente pola actividade.
   - Bolsas (achegas económicas concedidas aos colaboradores das actividades medioambientais desenvolvidas polo concello).
d) Declaración doutras subvencións solicitadas ou obtidas para a mesma finalidade.

## C).- EXCLUSIÓNS

Non serán obxecto de subvención neste plan as seguintes actuacións:

- Investimentos ou actividades que non se correspondan co obxecto específico da convocatoria.
- Actividades ou investimentos que xa estean subvencionados en calquera dos plans ou subvencións da deputación para o exercicio 2016 ou anteriores.

**3.– DESTINATARIOS**

Os 93 concellos da provincia da Coruña.

**4.– FINANCIAMENTO**

No financiamento deste plan participarán a Deputación e as entidades locais solicitantes, conforme ás porcentaxes de cofinanciamento que se indican neste apartado.

Segundo se indica na base 1, nas partidas 0520/17221/76201 e 0520/17221/46201, do orzamento provincial para o exercicio 2016, xunto cos importes procedentes de expedientes de modificación de créditos de 2016, vaise consignar a cantidade de 5.000.000,00 €.

A cantidade que inicialmente se lle asigna a cada concello calcúlase mediante a aplicación á cantidade de 5.000.000,00 €, das seguintes variábeis ponderadas:

33% cota fixa (*)

20% esforzo fiscal

14% número de parroquias

33% densidade de poboación (relación inversamente proporcional)

(*) No caso do Concello de Oza-Cesuras, duplícase este concepto, en aplicación do art. 13.4 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local.

Ás asignacións resultantes sumarase, se fora o caso, o importe correspondente ás achegas que voluntariamente desexen realizar os concellos solicitantes.

Para cada investimento ou actividade solicitada deberase indicar individualizadamente a parte que se financia con cargo á Deputación e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o concello solicitante.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25.09.1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación na obra, a entidade local beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, e se producira unha baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega do concello beneficiario ata anulala, mantendo no posible a achega da Deputación.

## 5.– PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica o secretario e o alcalde/presidente para asinar a documentación achegada, e tamén a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte da publicación no BOP e rematará ás 14.00 horas do día 15/07/2016.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

A documentación que debe presentarse telematicamente é a que de seguido se indica:

*** MEMORIA:** a memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

a) Obxectivos que se han de alcanzar no período. Deberanse describir os obxectivos que se han de alcanzar durante o período do plan, tendo en conta, moi especialmente o aforro en materia enerxética e os obxectivos de concienciación social que carrean as distintas actuacións.

b) Criterios de selección. Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección dos investimentos e a distribución do seu financiamento.

c) Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

*** CERTIFICADO DO ACORDO MUNICIPAL DE APROBACIÓN DO PMA BASE 2016 (ANEXO I)**

Certificación do acordo do órgano municipal competente (da entidade local solicitante), polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para a realización dos investimentos e actividades que se relacionan, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria.

A entidade local solicitante deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal aos investimentos e actividades se voluntariamente existe esta achega.

No mesmo acordo indicarase expresamente que a entidade local conta coa dispoñibilidade dos terreos e/ou, no seu caso, coas autorizacións necesarias para o caso de execución de obras.

No acordo incluirase a declaración da entidade local de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención específica ou finalista doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para o seu financiamento,

deberá facilitar o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorizarase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade local está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

*** INFORME TÉCNICO (INVESTIMENTO-OBRAS) (ANEXO II)**

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indique expresamente o seguinte:

– A dispoñibilidade dos terreos, as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se non se necesita autorización ningunha deberá indicarse expresamente.

– Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitindo unha copia á deputación, ou se solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 do dito texto refundido da Lei de contratos do sector público.

– No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

*** PROXECTOS TÉCNICOS E PREGOS DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS**

No seu caso, proxecto e pregos de prescricións técnicas de cada unha das obras, subministracións ou servizos do PMA 2016, co contido detallado no apartado A.2. da base 2.

No caso de actividades, incluirase a documentación detallada no apartado B.2. da base 2.

*** INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS (ANEXO III)**

**INFORME TÉCNICO**

O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.

**INFORME XURÍDICO**

A secretaría do concello acreditará que o propio concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a realización da obra ou obras incluídas no plan.

## 6.– APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o pleno da Deputación poderá aprobar un plan partindo das solicitudes presentadas polas entidades locais, tanto no apartado de PMA-INVESTIMENTOS, como de PMA-ACTIVIDADES.

O plan someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaran alegacións nin se emitira o informe, poderanse proseguir os trámites.

## 7.– CONTRATACIÓN DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

As entidades locais contratarán, no seu caso, os investimentos de acordo co Texto refundido da Lei de contratos do sector público. Os contratos de importe superior a 18.000,00 € (IVE excluído) contrataranse mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. Os concellos deben cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderán executalas a propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no plan **nun prazo de 3 meses, a contar desde a data da aprobación definitiva desta inclusión.** Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia despois da solicitude motivada da entidade local interesada.

## 8.– EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras executaranas as respectivas entidades locais beneficiarias conforme ao proxecto técnico da obra. A dirección e a execución das obras realizaraas a entidade

local correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou doutro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

## 9. – XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O prazo para a xustificación das actuacións rematará o día **31 de xullo de 2017** ás 14:00 horas. Se o investimento ou actividade foi obxecto de prórroga, o prazo de xustificación rematará o día **31 de outubro de 2017** ás 14:00 horas.

Previamente ao pago da achega provincial, a Deputación acreditará de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación.

No caso de obras ou subministracións, o pago á entidade local beneficiaria do importe da achega provincial realizarase ao remate da obra ou actividade, á vista da última certificación de execución das obras ou facturas da subministración ou servizo, asemade da acta de recepción correspondente, e aprobadas polo órgano municipal competente, que a entidade local presente na deputación de xeito telemático.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase acompañar a certificación expedida polo órgano municipal competente da percepción ou non doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

No suposto de que a entidade local beneficiaria non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento disposto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de realización de actividades as achegas aboaranse despois da xustificación dos gastos subvencionados e, en todo caso, os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial. A xustificación farase cubrindo o formulario establecido no anexo IV.

En todas as actividades financiadas con cargo a este plan, o concello dará cumprida publicidade da achega provincial.

**10.– INTERPRETACIÓN**

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo Presidente da Deputación, despois do informe da Secretaría e da Intervención.

Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**ANEXO I**

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE - PMA 2016**

D./Dna.__________________________________________________ , secretario/a do Concello de ___________________ _______________________________________, CERTIFICA:

Que o Alcalde/Xunta de Goberno/Pleno municipal deste Concello o día __/__/2016, adoptou o seguinte acordo:

1.– Aprobar o plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o concello prevé realizar, ou a dedicación a actividades relacionadas co medio ambiente, e de acordo co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras e subministracións:**

| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

## B) Financiamento de actividades:

| Detalle das actividades que van realizar | Deputación | Concello | Orzamento total |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| SUBTOTAL ACTIVIDADES | | | |

## C) Resumo:

| Denominación da obra | Deputación | Concello | Orzamento total |
|---|---|---|---|
| SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS | | | |
| SUBTOTAL ACTIVIDADES | | | |
| T O T A L | | | |

2.– Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.– Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras, subministracións e actividades incluídas no PMA.

4.– Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.– Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou actividade e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.– Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.– Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do alcalde, en _____________________, o día ___ de ____________ do ano dous mil dezaseis

V. pr.

O alcalde

**ANEXO II**

**INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO - OBRAS**

| | |
|---|---|
| **CONCELLO DE** | |
| **DATA DO INFORME** | |
| **NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME** | |
| **DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO** | |
| **PRESUPOSTO DO INVESTIMENTO** | |

De acordo co esixido na base 5 das reguladoras do plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

**AUTORIZACIÓNS**

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste plan, xuntando os correspondentes documentos.

En todo caso, cando se acheguen en calquera momento as autorizacións que precisa a obra, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.

**SUPERVISIÓN TÉCNICA**

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou o seu contido, de acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitíndolle unha copia á Deputación, ou se solicita a asistencia a esta Deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 2.12 da citada norma.

## OBRA COMPLETA

No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

## OUTRAS CUESTIÓNS

Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

# ANEXO III

## INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

| | |
|---|---|
| CONCELLO DE | |
| DATA | |
| NOME E CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME | |
| DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO | |
| ORZAMENTO DO INVESTIMENTO | |

De acordo co esixido na base 5 das reguladoras do plan, emítese este informe técnico-xurídico para o investimento indicado:

## INFORME TÉCNICO

O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.

## INFORME XURÍDICO

A Secretaría do concello informará acerca de se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.

ANEXO IV

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA - INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE ACTIVIDADES REALIZADAS CON CARGO A FONDOS DO PMA 2016**

| | |
|---|---|
| CONCELLO | |
| DATA | |
| IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE ASINA | |
| CARGO | |

| RELACIÓN DE GASTOS PAGADOS E XUSTIFICADOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ACTIVIDADE XUSTIFICADA | CONCEPTO DO GASTO | IMPORTE PAGADO | % IMPUT. | IMPORTE IMPUTADO |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO | | | | |

**14.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE AGOSTO DE 2016.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na

Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de agosto de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña."

**15.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/08/2016 E PROXECCIÓN A 31/12/2016.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de agosto de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**16.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RENDICIÓN DAS CONTAS ANUAIS DA AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), CORRESPONDENTE AO ANO 2015.**

A Corporación toma coñecemento da aprobación da conta xeral da Fundación Axencia Enerxética provincia A Coruña correspondente ao exercicio 2015.

**17.-REQUIRIMENTO AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SOBRE A LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN DE INGRESOS DO ESTADO DO EXERCICIO 2014.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

“**Primeiro**: Tomar coñecemento da presentación o día 14/9/2016 do devandito requirimento na aplicación do establecido nos artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Xa que a resolución da Secretaría Xeral produce un prexuízo económico a esta Deputación de 933.006,52 euros como consecuencia do cálculo erróneo na liquidación dos tributos do Estado de 2014, que resulta do inxusto desconto na recadación deses tributos das cantidades devoltas aos contribuíntes polo imposto sobre ventas polo miúdo de determinados hidrocarburos (IVMDH) (“céntimo sanitario”) como resultado da sentenza do 27 de febreiro de 2014, Asunto C-82/12, do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE). Xa que as entidades locais nunca participaron na recadación dese imposto, a diferenza do que sucedía coas comunidades autónomas.

**Segundo**: Tomar coñecemento de que se lle comunicou á FEGAMP e a FEMP a presentación dese requirimento.”

## 18.-MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

O Pleno por unanimidade, acorda:

“1.- Modificar o texto da base cuarta para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia no sentido seguinte.

Base CUARTA.- COLABORACIÓN DOS CONCELLOS

Engádese un último parágrafo no sentido seguinte:

“Os concellos ou outros entes locais poderán formalizar convenios coa Deputación provincial co fin de colaborar con esta na inspección do imposto sobre actividades económicas e de calquera outro tributo ou ingreso de dereito público nos que o ente local asuma entre outras funcións as de:

1) Colaborar, mediante traballos desenvolvidos por funcionario público, na realización de visitas de inspección tributaria e emisión de informes de tipo técnico, nas actuacións que o esixan, nos expedientes tramitados no marco do convenio de colaboración e sempre dentro das súas competencias, podendo desenvolver as tarefas non reservadas legalmente aos funcionarios mediante os contratos de servizos previstos na lexislación de contratos do sector público.

2) Estas funcións consistirán, ente outras, en propoñer actuacións á Deputación, recollida de documentación e información aos obrigados tributarios, control dos requirimentos non atendidos ou atendidos dun xeito incompleto ou incorrecto, actuacións no local onde se desenvolve a actividade, elaboración de modelos e realización de tarefas administrativas, informáticas…etc, baixo a dirección da Unidade de inspección da Deputación ou do servizo provincial que corresponda.”

2.- Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."

**19.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS, engadindo unha letra e) no artigo 6, coa seguinte redacción:

e) No caso de que, como consecuencia dun convenio, o concello ou outro ente local colabore coa Deputación na inspección do imposto sobre actividades económicas ou calquera outro tributo, o importe da taxa que se ha aboar pola recadación líquida obtida como consecuencia das liquidacións de ingreso directo ou autoliquidacións practicadas deste labor inspector en colaboración será o seguinte:

- O **2,5%** do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- O **75%** do importe da recarga de constrinximento recadada en período executivo.

O acordo que ao respecto se adopte, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios.

Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo."

**20.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A COLABORACIÓN EN MATERIA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA.**

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar a Presidencia da Corporación para a súa formalización e execución:

***"Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo***

*_______, ____ de _______ de ________*

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, en nome e representación desta, en virtude do disposto no artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local; e doutra parte, D. José Carlos Calvelo Martínez, alcalde-presidente do Concello de Arteixo

MANIFESTAN

O Concello de Arteixo solicitou á Deputación Provincial da Coruña a formalización dun convenio de colaboración na inspección do imposto sobre actividades económicas.

A Deputación, en sesión plenaria celebrada o …… acordou a aprobación do convenio.

O concello, en sesión plenaria, do 28 de xullo de 2016, acordou a aprobación do convenio.

Que están lexitimamente facultados para actuar en nome das Corporacións ás que representan e habilitados ambos os dous representantes corporativos para convir as condicións xerais que afectan ao presente acordo, proceden a formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as administracións públicas e conforme ao establecido no artigo 4.1 d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e particularmente en materia tributaria, no artigo 5.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no que se indica que poderán establecerse fórmulas de colaboración para a aplicación dos tributos entre as entidades locais, os representantes de ambas as dúas partes consideran que sería beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de colaboración mutua na inspección do imposto sobre actividades económicas.

Asemade, este principio de colaboración está tamén contemplado na normativa local, no artigo 8 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no que se indica que as administracións tributarias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais colaborarán en todas as ordes de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais, así como nos artigos 10, 55 e 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Pleno do Concello de Arteixo en sesión do dezanove de xuño de dous mil un adoptou, entre outros, o acordo de delegar na Deputación Provincial da Coruña, o exercicio de competencias tributarias nos termos e condicións recollidos nas bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas pola Corporación provincial en sesión plenaria do vinte e nove de xuño de dous mil un, respecto da seguinte materia: xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para, de acordo co establecido no artigo 92 da Lei reguladora das facendas locais, solicitar da administración tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección, e establecer coa devandita administración as oportunas fórmulas de colaboración na materia de inspección en relación con este mesmo imposto. Esta delegación de competencias na Deputación provincial está vixente.

Sendo xuridicamente procedente o establecemento do citado sistema de colaboración mutua na inspección do imposto sobre actividades económicas, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto do presente convenio reforzar a colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo na inspección do imposto sobre actividades económicas (IAE) e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.

Esta colaboración desenvolverase dentro do marco normativo establecido nas bases para a prestación dos servizos tributarios e a Ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa pola prestación dos servizos tributarios aprobadas pola Deputación da Coruña.

### 2. PROCEDEMENTO

Mantense vixente nos seus propios termos o contido da delegación que na materia de inspección do IAE acordou o Pleno do Concello de Arteixo en sesión do dezanove de xuño de dous mil un, toda vez que non variaron os motivos e circunstancias que deron lugar á devandita delegación, isto é, a falta de dotación de medios materiais e persoais.

A delegación de competencias supón que a Deputación asume a totalidade de funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias de inspección, neste caso, do IAE.

Por iso, correspóndelle á Unidade de Inspección da Deputación provincial a instrución e resolución dos expedientes de inspección e sancionadores do IAE.

## 3. EXTENSIÓN DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña elaborará e aprobará o plan de inspección, con especificación dos criterios tidos en conta. Unha vez aprobado o plan de inspección, porase en coñecemento do Concello de Arteixo.

Correspóndelle á Deputación Provincial da Coruña, a través da súa Unidade de Inspección, a dirección das actuacións realizadas nos expedientes de inspección e sancionadores do imposto de actividades económicas do Concello de Arteixo, o seu impulso, comprobación, e sinatura dende a fase de instrución ata a conclusión, por medio dos seus funcionarios actuarios.

O Concello de Arteixo colaborará coa Deputación da Coruña, directamente e/ou a través dos apoios externos contratados polo concellos, realizando as seguintes actuacións en relación con expedientes tramitados no ámbito deste convenio:

1º- Directamente, o Concello de Arteixo, colaborará co traballo dun funcionario do cadro de persoal, enxeñeiro/a municipal, e, no seu caso, cun técnico de inspección tributaria, para a realización de visitas de inspección e a emisión de informes de tipo técnico nas actuacións que así o requiran nos expedientes tramitados no ámbito deste convenio e sempre dentro do ámbito das súas competencias.

2º- Para todas as tarefas de colaboración e apoio administrativo que non requiran a intervención de funcionario público, o concello poderá recadar os apoios externos que lle solicite a Deputación provincial a través de empresas colaboradoras ou outras fórmulas que considere. O resto, isto é, as que necesariamente deban ser desempeñadas por funcionario público, serán por conta da Unidade de Inspección da Deputación provincial.

Este apoio externo poderá ser substituído pola colaboración que realice un funcionario municipal capacitado, técnico de Inspección Tributaria, segundo consta na relación de postos de traballo vixente.

Así mesmo, o Concello de Arteixo poderá contratar asesoramento e colaboración externa para a realización “in situ” de todas as fases dos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores, sendo esixible nestes casos a presenza de funcionario público municipal ou provincial.

Este apoio municipal, que colaborará en todo momento coa Unidade de Inspección da Deputación provincial e sempre baixo a súa dirección, poderá, entre outras funcións:

- Propoñer á Deputación as actuacións que se han realizar para que esta, se o considera conveniente, as inclúa no plan de inspección e inicie o procedemento de inspección. Na proposta detallarase os criterios tidos en conta.

- Atender, recoller a documentación e informar aos obrigados tributarios sobre as normas de aplicación do procedemento de inspección e sobre o alcance das obrigas e dereitos que delas se deriven.

- Propoñer á Deputación a documentación específica, tendo en conta a actividade que se ha desenvolver, que se debe incluír nos requirimentos que se vaian realizar.

- Controlar os requirimentos non atendidos ou atendidos de forma incompleta ou incorrecta. Informará á Deputación para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que se estimen oportunas.

- Propoñer á Deputación a nova documentación que se ha requirir, tendo en conta a documentación xa achegada.

- Realizar as actuacións de comprobación e investigación nos locais onde se exerce a actividade, acompañados de funcionario municipal ou provincial.

- Compilar a documentación xeral de tipo técnico (lexislación, estudios, etc.), xurídico (lexislación, consultas, xurisprudencia etc.), ou particular de tipo público (páxinas web, boletíns oficiais etc.) necesaria para a instrución do expediente.

- Esta colaboración externa poderá incluír a elaboración de comunicacións, dilixencias, actas, informes ampliatorios, propostas de regularización, propostas de sanción e demais documentos integrantes do expediente inspector ou sancionador, para a súa sinatura, se procede, polos funcionarios actuarios pertencentes á Deputación provincial.

- Informar das actuacións realizadas, os feitos, a lexislación aplicable e as conclusións.

- Colaborar coa Unidade de Inspección da Deputación provincial, e baixo a dirección desta, na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes inspectores e sancionadores, nos termos establecidos no apartado anterior.

- Realizar todas as tarefas de tipo administrativo e informático (gravación de datos, confección de documentos, notificacións etc.) relacionadas coas actuacións inspectoras e cos expedientes sancionadores derivados delas. Para tal efecto, o apoio externo utilizará a aplicación informática que empregue a Deputación Provincial da Coruña, debéndose observar as instrucións de identificación e autenticación fixadas pola Deputación. Para iso, a Deputación porá á súa disposición a utilización da aplicación informática.

4. COMISIÓN MIXTA

Para os efectos de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, crearase unha comisión técnica de coordinación e control, formada por un representante de cada unha das administracións.

A antedita comisión reunirase por instancia de calquera das partes, e terá as seguintes funcións:

- Coordinar a execución do convenio
- Dirixir e controlar o cumprimento do convenio
- Calquera outra que puideran derivarse do presente convenio

5. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio, que logo da aprobación polos plenos de ambas as dúas corporacións, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación, terá un prazo de vixencia de dous anos e quedará automaticamente renovado por iguais períodos sucesivos, salvo que algunha das dúas administracións interesadas expresase a súa vontade en contrario mediante a adopción do correspondente acordo, que deberá ser notificado á outra parte dentro dos tres meses anteriores á finalización do período.

En todo caso, para a súa entrada en vigor, é imprescindible a aprobación das correspondentes modificacións da Ordenanza fiscal nº 5 da Deputación e das Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

6. TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO

As taxas que ha aboar o Concello de Arteixo polas cantidades cobradas como consecuencia de liquidacións derivadas deste labor inspector serán as seguintes:

- 2,5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- 75% do importe das recargas de prema recadadas en período executivo.

7. PROTECCIÓN DE DATOS

A presente cláusula incorporarase en cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Como queira que as competencias de inspección do imposto sobre actividades económicas do Concello de Arteixo están delegadas na Deputación da Coruña é esta quen ten a condición de responsable dos ficheiros xerados en virtude da actuación delegada, sendo o Concello de Arteixo responsable do tratamento daqueles ficheiros precisos para o desenvolvemento da colaboración descrita neste convenio, non considerándose comunicación de datos a un terceiro o acceso a estes da asistencia técnica do concello, ao tratarse dun acceso necesario para a prestación dun servizo ao responsable do tratamento, segundo dispón o artigo 12.1 da devandita lei.”

En proba de conformidade, subscriben o presente convenio en ________________, __ de __________ de ______

O alcalde-presidente | O presidente da Deputación

O secretario do Concello | O secretario da Deputación

2.- Condicionar a eficacia do citado convenio á aprobación e entrada en vigor das correspondentes modificacións da Ordenanza Fiscal Nº5 da Deputación Provincial da Coruña e das Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

**MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PROMOVER A CELEBRACIÓN DO SAMAÍN ENTRE OS CONCELLOS DA PROVINCIA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

En tempos inmemoriais, o tránsito do verán ao outono se celebraba na maior parte de Europa cunha festa de honra aos espíritos dos falecidos, coñecida como Samhain. Significaba a entrada na estación da noite e a escuridade, na cal as almas dos defuntos camiñaban de novo na terra. Co proceso de cristianización de Europa, o Samhaín deriva en festas como o Día de Defuntos, o San Martiño e os magostos, pero mantén certa pervivencia popular.

Esta tradición tiña tamén a súa presenza en Galicia e amplas zonas da penísula, tal e como redescubriu o mestre Rafael López Loureiro no seu traballo "Las calaveras de ánimas en la Península Ibérica". Grazas ao seu impulso e ao dos veciños e veciñas de Cedeira, o Samaín foi recuperado e popularizado non só nesa vila, senón noutros lugares da comarca de Ferrolterra, da provincia da Coruña, e de todo o país. De feito, en setembro de 2014, o Pleno da Corporación municipal de Cedeira decidiu solicitar a declaración do Samaín como Festa de interese Turístico, coincidindo co 25 aniversario da súa celebración.

A tradición do Samhaín foi estendida aos Estados Unidos de América a través da emigración anglosaxona e convertida na festa de Halloween, para regresar a Europa hoxe en día convertida nunha festa exclusivamente comercial, ligada á industria audiovisual daquel país, e agora compite coa recuperación da festa da cal é orixinaria, confundíndose con ela.

O tallado de caveiras acadou nos últimos anos unha difusión extraordinario nos centros escolares de Galicia, e forma parte das actividades educativas programadas para finais de outubro en numerosos plans didácticos de escolas infantís e colexios de

primaria. Tamén é frecuente a decoración comercial con este motivo, así como a celebración de obradoiros e concursos, con cada vez maior repercusión.

Os valores educativos, culturais, históricos e mesmo artísticos desta tradición son resaltados e cada vez máis recoñecidos, pero cómpre que as institucións fomenten e promovan a súa celebración máis alá dos centros escolares.

Por estes motivos, é proposto ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1º) A Deputación Provincial da Coruña comparte os valores educativos, históricos, culturais e artísticos do Samaín, e apoia as iniciativas para o seu recoñecemento e difusión, así como o traballo de recuperación desta tradición levado a cabo nas últimas décadas en varios concellos da provincia.

2º) A Deputación Provincial da Coruña fai un chamamento aos concellos da provincia a promover a recuperación da tradición de tallar cabazas, colondros, cabazotes, *caliveiras*… baixo a denominación de Samaín, ou do nome etnográfico e tradicional de cada bisbarra, a través de iniciativas no ámbito escolar, comercial, cultural e turístico.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. Presidente, bo día.

(Le o texto da moción).

Este é o contido textual da exposición de motivos que eu confío en que apoien unanimemente.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

**"MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PROMOVER A CELEBRACIÓN DO SAMAÍN ENTRE OS CONCELLOS DA PROVINCIA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

En tempos inmemoriais, o tránsito do verán ao outono se celebraba na maior parte de Europa cunha festa de honra aos espíritos dos falecidos, coñecida como Samhain. Significaba a entrada na estación da noite e a escuridade, na cal as almas dos defuntos camiñaban de novo na terra. Co proceso de cristianización de Europa, o Samhaín deriva en festas como o Día de Defuntos, o San Martiño e os magostos, pero mantén certa pervivencia popular.

Esta tradición tiña tamén a súa presenza en Galicia e amplas zonas da penísula, tal e como redescubriu o mestre Rafael López Loureiro no seu traballo "Las calaveras de ánimas en la Península Ibérica". Grazas ao seu impulso e ao dos veciños e veciñas de Cedeira, o Samaín foi recuperado e popularizado non só nesa vila, senón noutros lugares da comarca de Ferrolterra, da provincia da Coruña, e de todo o país.

De feito, en setembro de 2014, o Pleno da Corporación municipal de Cedeira decidiu solicitar a declaración do Samaín como Festa de interese Turístico, coincidindo co 25 aniversario da súa celebración.

A tradición do Samhaín foi estendida aos Estados Unidos de América a través da emigración anglosaxona e convertida na festa de Halloween, para regresar a Europa hoxe en día convertida nunha festa exclusivamente comercial, ligada á industria audiovisual daquel país, e agora compite coa recuperación da festa da cal é orixinaria, confundíndose con ela.

O tallado de caveiras acadou nos últimos anos unha difusión extraordinario nos centros escolares de Galicia, e forma parte das actividades educativas programadas para finais de outubro en numerosos plans didácticos de escolas infantís e colexios de primaria. Tamén é frecuente a decoración comercial con este motivo, así como a celebración de obradoiros e concursos, con cada vez maior repercusión.

Os valores educativos, culturais, históricos e mesmo artísticos desta tradición son resaltados e cada vez máis recoñecidos, pero cómpre que as institucións fomenten e promovan a súa celebración máis alá dos centros escolares.

Por estes motivos, é proposto ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1º) A Deputación Provincial da Coruña comparte os valores educativos, históricos, culturais e artísticos do Samaín, e apoia as iniciativas para o seu recoñecemento e difusión, así como o traballo de recuperación desta tradición levado a cabo nas últimas décadas en varios concellos da provincia.

2º) A Deputación Provincial da Coruña fai un chamamento aos concellos da provincia a promover a recuperación da tradición de tallar cabazas, colondros, cabazotes, *caliveiras*… baixo a denominación de Samaín, ou do nome etnográfico e tradicional de cada bisbarra, a través de iniciativas no ámbito escolar, comercial, cultural e turístico."

ROGOS E PREGUNTAS

<u>Sr. García Seoane</u>

Eu quería, aínda que pareza un pesado, quero facer un rogo e rogaría, nunca mellor dito, que se me escoitara e se aplicara o que digo na provincia polo menos, xa que noutros lugares non chegamos, os plumachos. É unha peste tremenda, en dez anos ninguén vai coñecer Galicia, alí onde entra asoballa con todo. Sen saír de aquí, da comarca da Coruña, Culleredo, Oleiros, Arteixo, etc., etc., A Laracha, toda esta zona, onde se moven terras aparece unha invasión tremenda, e onde entra esa planta non hai ningunha outra planta, come todo.

A raíz das moitas denuncias que levo feito hoxe mesmo está o Ministerio de Fomento limpando a Nacional VI desde Cambre ata Perillo, pero claro, están facéndoo mal, cando hai unha normativa do Estado nese aspecto, cortaron os plumachos, espallouse todo polo terreo, quedou todo cortado, pero quedan alí as sementes, que agora cando veña o vento lévaas para os predios lindeiros ademais

que o ano que vén volvemos ter, non plumachos, senón que xa non habería ningún espazo libre neses que están cortando agora. Isto é unha constante, e xa digo, en moitos sitios temos unha situación moi mala.

Nas estradas, eu dicíao na Comisión o outro día, a Deputación provincial debe poñer nas bases de contrato de limpeza de cunetas que os que corten as cunetas teñen que cortar antes a man os plumachos e despois arrancar a mata. Están xa as estradas que son da Deputación provincial, no caso de Oleiros hai varios tramos, que xa neste momento non hai máis que plantas ao longo da estrada, e están sementadas pola máquina, a máquina corta e vai facendo de sementadora. Polo tanto, rogaría que nos mentalicemos e tomemos man deste problema tan grave que vai ter Galicia, que en dez anos non nos coñece nin a nosa nai.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente, bo día de novo. Quixera presentar un rogo relacionado coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, a FAEPAC, da cal acabamos de coñecer as súas contas. Esta entidade ten como fin alentar accións a nivel provincial para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos provinciais, é dicir, unha actividade estratéxica para o futuro dos nosos concellos debido aos retos medioambientais e económicos que se nos presentan na actualidade. É un ente que non depende, seino, enteiramente da Deputación, pero esta ten un peso moi relevante no seu Padroado.

O pasado 10 de xuño o noso Grupo mantivo un encontro co director do organismo para coñecer as actuacións realizadas, o estado actual da Fundación e as súas necesidades e as liñas de traballo futuras. Atopámonos nun contexto no que a redución dos consumos de enerxía e dos gastos correntes asociados é crucial, non só por cuestións de eficiencia no gasto público, senón para facilitar un crecemento intelixente e sostible.

As administracións locais teñen que tomar un papel preponderante nesta cuestión, e para esta finalidade deseñouse a estratexia europea 2020, da Unión Europea, e púxose en marcha a iniciativa Covenant of Mayors, na cal participan 1.578 entidades municipais españolas, na nosa provincia tan só Compostela e A Coruña. Existen, pois, ámbitos de actuación, tanto para a Deputación como para a Fundación no asesoramento, análise e mellora da eficiencia enerxética dos concellos da provincia da Coruña.

Sabemos, por informacións aos medios, da vontade do Goberno e do seu presidente de reactivar a Fundación, que no anterior mandato estaba esmorecida, tanto no referido aos medios como a actividade. Entendemos, ao igual que o Goberno provincial, que é preciso revitalizar a Fundación e poñela ao servizo dos concellos, especialmente no referido á mellora da eficiencia enerxética e á redución do consumo e dos seus custos. Entendemos, tamén, que a finais deste ano o Padroado da Fundación aprobará o Plan de actuación para o vindeiro exercicio.

A pesar de que a Deputación fai unha importante achega económica, 129.000 euros no pasado exercicio, consideramos que  a participación dos Grupos políticos e dos concellos na elaboración das liñas estratéxicas é mellorable. Por iso rogamos ao Goberno provincial que informe sobre as medidas que van impulsar para revitalizar a

FAEPAC e poñela a disposición dos concellos, tal e como se anunciou recentemente, que comunique e consensúe, se existe vontade, cos concellos da provincia e cos grupos políticos da Corporación, as liñas de actuación cara ás que se quere reencamiñar a Fundación, para así servir mellor os intereses dos municipios.

Por último, que na medida do posible, se é certo que a FAEPAC vai aumentar a súa actividade, se dea conta da súa actividade de xeito periódico na Comisión correspondente pois trátase dunha ferramenta, desde o noso punto de vista, potencialmente moi útil para os concellos e que, ao noso entender, está infravalorada.

Sr. Presidente

Respondendo un pouco ao teu rogo, respecto desta Fundación Axencia Provincial de Enerxía, esta Fundación existe desde hai anos vinculada á estrutura da Deputación, a maior parte da xente xa sabe como funciona, teñen socios patróns, hai empresas privadas, concellos e ao que se acaba de incorporar outro Concello máis, que é o Concello de Narón, e a propia Deputación, que como ben dis, é a que leva o maior peso na súa xestión.

É certo que esta Fundación está nunha situación, digamos que difícil, no sentido de que está intentando desempeñar unha actividade, un fomento de, por unha parte, unha concienciación da eficiencia enerxética e por outra parte ser un instrumento útil, tanto á Deputación, como aos concellos, que son os destinatarios últimos da súa función, pero tamén a calquera membro da cidadanía, a calquera.

É certo que pasou por momentos delicados, polo que sexa, pero o certo é que ten un papel complexo, porque está nun bocadillo, por unha parte está un Instituto a nivel estatal moi poderoso, que leva a cabo iniciativas moi poderosas, sobre todo en financiamento no eido de mellora da eficiencia enerxética, sobre todo en iluminación pública, que é o IGAE, depende do Ministerio de Industria, e por outra parte aquí en Galicia un Instituto, tamén cunha importante estrutura, cun importante presuposto, e que tamén leva a cabo diversas iniciativas neses mesmos eidos. Agora ten posta en marcha a través da Consellería de Economía, que é curioso, é para facérnolo mirar, unha iniciativa con bastante presuposto onde se pretende implementar elementos de eficiencia enerxética nos procesos produtivos do tecido industrial de Galicia. Dicíame o conselleiro no verán que non tiveran nin unha soa solicitude, e creo que é un programa de oito millóns de euros, nin unha solicitude. Polo tanto, hai moito que traballar no eido da concienciación en todos os sentidos, nas administracións, nas familias e tamén no tecido produtivo.

Nosoutros fomos moi claros con esta Axencia, é dicir, na primeira reunión que tivemos do Padroado da Fundación diximos que xa había dous institutos facendo este traballo, a nivel estatal e a nivel galego, non se trata de andar reproducindo institutos a todos os niveis. Démoslle un prazo, a decisión provincial é, este organismo se funciona ímolo potenciar, e se non funciona deixaremos de contar con el, porque non se trata, como digo, de inflar a administración per se.

Para darlle esa oportunidade tamén fomos conscientes de que as limitacións presupostarias eran importantes, é dicir, que non se contaba con este organismo. Poño un exemplo que onte mesmo vivín en Cabana de Bergantiños, que evidencia que non se contaba con el, a propia Deputación, con toda a boa fe do mundo, asina

un convenio con catro concellos da zona para financiar un proxecto piloto moi interesante, encabezado polo Concello de Cabana de Bergantiños, que pretende, digamos, facer unha auditoría de cal é o estado de xestión de facturación enerxética dos catro concellos, e facer un prego contando coa Deputación, un prego único para licitar os servizos de subministración enerxética e profundar nese ámbito. Curiosamente, asínase ese convenio e adxudícase a unha empresa, entre os concellos, entre os catro concellos, que hai de todas as cores, adxudícase a unha empresa cando a propia Deputación ten unha Fundación, un organismo, para facer ese tipo de labor, sen ningún tipo de mala fe, simplemente porque non se conta. E aí a culpabilidade é de todos, por unha parte da propia Deputación, nosa, tamén do propio Servizo, a propia Fundación é a que ten coñecemento en que ámbitos pode ofertar servizos e, polo tanto, o que lle dixemos aos xestores da Fundación é, imos apoiar, creo que duplicamos o presuposto da Fundación, se non recordo mal, pero aumentamos considerablemente o presuposto da Fundación e puxémoslle, polo tanto, recursos para que poida demostrar que ten sentido, e démoslle un prazo que son dous anos. É certo que hai avances, non todos os que nós queremos.

Nós a implicación, onte en Cabana, como ese proceso que vos explicaba quedou paralizado, ofrecemos loxicamente os servizos da Fundación e ían poñerse xa en contacto os alcaldes con ela. Cada vez que vén un alcalde aquí, unha das cuestións que lle formulamos, cando vén falar de estradas, non sae do despacho do presidente sen contestar como está o seu estado de xestión das cuestións enerxéticas, para que? para ofertarlle o servizo da Fundación.

Por outra parte estamos en conversas, digo desde a Fundación, estamos en conversas coas Asociacións de Consumidores para ofertarlle un servizo de reclamación na facturación, que é imprescindible, e que as propias asociacións están desbordadas, din que reciben mensualmente miles de chamadas de xente que desconfía da facturación, ou que non a entende, que desconfía, ou que detectou erros e, polo tanto, por que non facer desde a Fundación ese servizo de apoio ás propias asociacións de consumidores.

Por outra parte cremos porque é un proceso imparable de redución de emisións no ámbito do transporte, falando coas empresas eléctricas que teñen proxectos iniciados nese eido. Estamos levando o vehículo eléctrico aos colexios, estamos levando o vehículo eléctrico ás vilas, estamos ofertando a esas empresas participar en proxectos piloto con financiamento da propia Deputación, porque entendemos que a Deputación ten que estar tamén neses eidos. Pero en calquera caso non pode estar nin o presidente, nin o deputado, non damos para máis, nin sabemos disto, promovendo iniciativas que deben ser os propios técnicos quen leven o ritmo do servizo, neste caso por iso demos un prazo.

Paréceme moi boa a posibilidade que formulas de que todos os Grupos poidan achegar, e poidan meterse nas interioridades da Fundación. Creo que se entre todos lle damos sentido, terá sentido mantela.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.